EXPEDIENTE 2025/G010/000010. PLENO SESIÓN ORDINARIA 10 DE XULLO DE 2025.

ACTA Nº 2025/11

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: xoves 10 de xullo de 2025

Hora de comezo: 21.00 horas

Hora de remate: 22.50 horas

PRESIDE:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000008. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 12 de xuño de 2025. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2025/Q002/000002. Revisión de oficio a instancia de José Manuel Fernández Vázquez. Resolución do expediente.

3 EXPEDIENTE 2025/X006/000060. Calendario laboral 2026, fixación festivos locais.

4 EXPEDIENTE 2025/X006/000063. Composición das comisións informativas. Aprobación.

II PARTE DE CONTROL

5 EXPEDIENTE 2025/G006/000178. Decretos da Alcaldía ditados entre o 9 de xuño e o 6 de xullo de 2025. Toma de razón.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6 EXPEDIENTE 2025/Q002/000001. Procedemento abreviado 0000044/2025. Demanda en materia de persoal. Dación de conta Sentencia 00102/2025 do Xulgado Contenciosos Administrativo nº 2 de A Coruña.

7 Mocións.

7.1. Moción do Grupo Municipal do BNG para buscar solucións ao problema do subministro de auga.

8 Rogos e preguntas.

De seguindo trátanse

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000008. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 12 DE XUÑO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

12.06.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 12 de xuño de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2025/Q002/000002. REVISIÓN DE OFICIO A INSTANCIA DE JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE.

O Sr. alcalde fai un resumo da seguinte proposta que consta no expediente co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Resolución de alcaldía número 33/2025, de 7 de febreiro de 2025, polo que se aproba a participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025” da Deputación Provincial da Coruña.

Segundo.- Escrito presentado o 3 de marzo de 2025 por José Manuel Fernández Vázquez, no que textualmente fai constar no que interesa a efectos do expediente de revisión, sen prexuízo de que proceda analizar a licitude das restantes manifestacións realizadas no escrito presentado:

“FUNDAMENTOS DE DEREITO

No derradeiro Pleno, e despois de dúas votación en contra dalgunhas das obras propostas polo Sr. Rocamonde convoca un pleno no que pretende aprobar as obras por Decreto.

CVD: w0zznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Resulta evidente que este acto é NULO DE PLENO DEREITO (artigo 62.2 b) e e) da Lei 30/1992) AO SER DICTADO POR UN ÓRGANO (a ALCALDÍA) MANIFESTAMENTE INCOMPETENTE."

Do referido anteriormente, parece deducirse que a persoa que suscribe o escrito, refire a consideración da nulidade de pleno dereito do Decreto 33/2025 dictado pola alcaldía o 7 de febreiro de 2025 polo que se resolveu *"Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" da Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro do artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local establece que ás demais atribucións que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais son competencia de Alcaldía, atribución residual da competencia da alcaldía, e ante a imposibilidade de aprobalo en Pleno tal e como se refire nos antecedentes, co fin de evitar os prexuízos que se lle causarían aos veciños e ao Concello de non poder participar no plan.*

Terceiro.- O 28 de marzo de 2025 procedeuse a incoación do expediente por parte da alcaldía solicitando informe á seceratía-intervención.

Cuarto.- O 4 de abril de 2025 emitiuse informe pola secretaría-intervención.

Quinto. O 7 de abril de 2025 deuse traslado do expediente á persoa interesada a fin de que poidera alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen pertinentes en defensa dos seus dereitos, durante un prazo dez quince días.

Sexto.- O 9 de abril de 2025 á persoa interesada, José Manuel Fernández Vázquez, recibe a notificación onde se lla da traslado do manifestado no punto anterior.

Sétimo.- O 15 de abril de 2025, José Manuel Fernández Vázquez, presenta escrito relativo ao expediente.

Oitavo.- O 14 de maio de 2025, emitiuse o informe-proposta de resolución pola secretaría intervención ue nas súas conclusións estableceu de xeito textual o seguinte:

PRIMEIRO. *Procede non declarar de oficio a nulidade da Resolución de alcaldía número 33/2025, de 7 de febreiro de 2025, polo que se aproba a participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" da Deputación Provincial da Coruña ao non concorrer as causas de nulidade previstas no artigo 47.1 b) e e) da Lei 39/2015, en base ao recollido no fundamento xurídico QUINTO do presente, xa que a competencia para solicitar unha subvención é do Alcalde ao abeiro do artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, e a participación no Plan Provincial non deixa de ser un acordo para pedir unha subvención para financiar obras e servizos, coa diferenza de que pode solicitarse por unha Administración Pública e que a súa concesión é obrigatoria pola Deputación a todos os Concellos que decidan participar no Plan Provincial por vir así establecido legalmente (art. 36.2.a) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local), manifestándose neste senso o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 3ª, Sentencia 166/2022 de 29 abril de 2022, Rec. 7154/2021.*

SEGUNDO. *Para o caso de apreciarse que puideran concorrer as causas de nulidade invocadas, deben entrar os límites que á revisión de actos establece o artigo 110 da Lei 39/2015 por ser acción de nulidade exercitada contraria á equidade e á boa fe que debe predicarse da acción das facultades de revisión.*

TERCEIRO. *Que se eleve, polo señor alcalde do concello de Touro, unha solicitude de ditame ao Consello Consultivo de Galicia.*

Noveno.- O 14 de maio de 2025 dictouse a Resolución de Alcaldía 148/2025 na que consta:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PRIMEIRO. *Solicitar do Consello Consultivo de Galicia a emisión de Ditame preceptivo e vinculante en relación co expediente de revisión de oficio dos actos administrativos en materia de participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" da Deputación Provincial da Coruña, antes citado.*

SEGUNDO. *Dispoñer a suspensión do prazo máximo para resolver consonte o previsto no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común, polo tempo que medie entre a petición de informe e a súa recepción no Concello, que en ningún caso será superior a tres meses.*

Décimo.- O expediente foi remitido, para preceptivo ditame do Consello Consultivo de Galicia, tendo entrada no citado organismo con data 16.05.2025.

Undécimo. O 12 de xuño de 2025 ten entrada no Concello o Ditame do Consello Consultivo de Galicia número 155/2025 con data 11.06.2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso administrativa (LXCA).

CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

PRIMEIRO. Cuestión previa.

A acción de nulidade exercida polo señor Fernández Vázquez, debe entenderse baixo a normativa vixente no momento de adopción do acordo que se recurre, Decreto 33/2025 de 07.02.2025 e non sobre normativa derrogada.

En consecuencia, os motivos invocados deben entenderse referidos ó artigo 47.1.b) e e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común, e baixo estes motivos de nulidade se realiza o presenta informe.

SEGUNDO. Regulación da revisión de oficio.

A revisión de oficio no ámbito local, con carácter xeral, regúlase no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), que permite ás corporacións locais revisar os seus actos e acordos con remisión aos termos e alcances que, para a Administración do Estado, se establece na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

Igualmente, os artigos 4.1.g) e 218 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, indican que ditas Corporacións, dentro da esfera das súas competencias, teñen atribuída a potestade de revisión de oficio dos seus actos e resolucións, con remisión ao procedemento administrativo común.

Así, o artigo 106.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula a posibilidade de que as Administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, declaren de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen recorridos en prazo. Para iso será necesario que concorra no acto para revisar algunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 da LPAC.

Para iso será necesario que concorra no acto para revisar algunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 da LPAC que establece textualmente o seguinte:

1. Os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:

a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.

b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

c) Os que teñan un contido imposible.

d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición con rango de Lei.

2. Tamén serán nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior, as que regulen materias reservadas á Lei, e as que establezan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais.

Do referido artigo 106.1 da LPAC despréndese que a adopción do acordo de revisión de oficio terá lugar sempre previo ditame favorable do órgano consultivo correspondente. A referencia que o artigo 106.1 da LPAC fai ao Consello de Estado "ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma".

TERCEIRO. Procedemento.

No que se refire á tramitación da revisión de oficio, a LPAC non contempla un procedemento específico a seguir para a sustanciación dos expedientes de declaración de nulidade, limitándose a sinalar a preceptividade do ditame previo favorable do órgano consultivo que corresponda.

Por iso, han de entenderse de aplicación as normas xerais recollidas no título IV do citado corpo legal, denominado *"das disposicións sobre o procedemento administrativo común"*, coa singularidade de que o ditame do órgano consultivo reviste carácter preceptivo e habilitante da revisión pretendida.

A tramitación dos procedementos de revisión de oficio comprende, en primeiro lugar, o acordo de inicio do procedemento adoptado por órgano competente.

Cabe engadir que, de acordo con o artigo 3.3.d) 3º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, corresponde á Secretaría a emisión de informe nos procedementos de revisión de oficio de actos da Entidade Local, fóra dos actos de natureza tributaria.

Como en todo procedemento administrativo, aínda que non o estableza expresamente o artigo 106.1 da LPAC, imponse a audiencia do interesado, trámite contemplado con carácter xeral no artigo 82 da LPAC, que obriga a que se dea vista do expediente aos posibles interesados, a fin de que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen pertinentes en defensa dos seus dereitos. O correcto desenvolvemento procedemental demanda que devandito trámite se substancie unha vez instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, segundo dispón o artigo 82 da LPAC.

Finalmente, con carácter previo á solicitude de ditame do órgano consultivo, debe redactarse a proposta de resolución na que a Administración consultante se pronuncie sobre a procedencia da nulidade solicitada, con inclusión dos correspondentes antecedentes, fundamentos xurídicos e parte dispositiva, na que se concrete, no seu caso, a causa na que se apoia a nulidade coa motivación que esixe o artigo 35.1.b) da LPAC.

En canto ao prazo, cando o procedemento se iniciou de oficio, o transcurso do prazo de seis meses desde o seu inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade do mesmo. Se o procedemento se iniciou a solicitude de interesado, poderase entender a mesma desestimada por silencio administrativo.

CUARTO. O escrito presentado por José Manuel Fernández Vázquez, introduce un apartado referido a "FEITOS" sobre os que compre realizar a seguinte precisión:

- Aínda que as manifestacións que verte denomínaas FEITOS, non realiza unha exposición razoada de feitos ou antecedentes de feito no expediente de aprobación do plan provincial,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

trátase de desideratums dirixidos contra a alcaldía e o funcionario que subscribe. Estas manifestacións non inciden na causa de nulidade invocada, sen perxuízo, de analizar a licitude das manifestacións feitas contra o funcionario que subscribe.

- A técnica da espectacularidade expresiva e do emprego de cualificacións grandielocuentes seguindo, por certo, o ben desgraciado vicio de desacreditar a funcionarios que realizan o seu traballo honestamente, só pode responder á carencia de base argumentativa seriamente fundamentada de que efectivamente puidesemos atoparnos diante dun verdadeiro atropelo de dereitos de participación política do señor Fernández Vázquez no Pleno.

No escrito que presenta o día 15 de abril de 2025 volve de novo a presentar desideratums e calificativos dirixidos contra a alcaldía e o funcionario que subscribe, sen presentar alegación algunha nin presentar documentos nin xustificantes que estime pertinentes en defensa dos seus dereitos, invocando a nulidade de pleno dereito sen motivación algunha, referíndose a nunha norma derrogada.

QUINTO. Das causas de nulidade invocadas e a súa concorrencia**.**

A persoa recurrente no seu escrito, no apartado que califica como fundamentos de dereito di textualmente:
No derradeiro Pleno, e despois de dúas votación en contra dalgunhas das obras propostas polo Sr. Rocamonde convoca un pleno no que pretende aprobar as obras por Decreto.

Resulta evidente que este acto é ***NULO DE PLENO DEREITO (artigo 62.2 b) e e) da Lei 30/1992) AO SER DICTADO POR UN ÓRGANO (a ALCALDÍA) MANIFESTAMENTE INCOMPETENTE.***

1. A base 5 .A. DOCUMENTACIÓN XERAL das Bases reguladoras plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2025” (BOP núm. 233 de 3 de decembro de 2024), establece:

O concello deberá presentar necesariamente unha solicitude integrada pola certificación do Acordo e por unha Memoria xustificativa da súa solicitude:

– Certificación do acordo plenario (ANEXO I) Certificación do Acordo do Pleno do concello, segundo o modelo que figura como Anexo I a estas Bases, polo que se dispoña participar no presente Plan, aceptar expresamente estas Bases e solicitarlle á deputación a aplicación do importe dos distintos tipos de achegas que se lle asignaron dentro deste Plan para a realización dos posibles obxectos previstos na base 2, detallando a achega provincial aplicada a cada un deles e, de existir achega municipal, o seu financiamento desagregado, así como a cantidade de IVE soportado cando sexa deducible nos investimentos relativos ao abastecemento municipal de auga potable, e o demais contido previsto no Anexo I.

2. En cumprimento das condicións impostas pola administración convocante das axudas, o alcalde do concello de Touro convocou pleno extraordinario para o día 6 de febreiro de 2025 co seguinte asunto na orde do día da convocatoria:

EXPEDIENTE 2024/A008/000047. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2025. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

O resultado do debate e votación deste asunto foi o seguinte tal e como consta na acta da sesión plenaria de 6 de febreiro de 2025 (acta aprobada por unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación o 13 de marzo de 2025):

O Sr. alcalde fai un resumo dos proxecto incluídos na proposta que alcanzan os 990.543,00 euros

- Rehabilitación da piscina municipal: Rehabilitación do vaso actualmente existente, reposición das plaquetas de toda a zona de praia e da recollida de augas de rebordamento para evitar esas perdas de auga que neste momento están poñendo en dificultade manter a actividade na piscina e executar un novo vaso para uso infantil.

- Renovación de alumeado público a leds e os correspondentes cadros de mando e nalgún caso a reunificación de cadros por un importe de 236.693 euros nos cales se inclúen toda a Parroquia de Loxo e de Vilar; renovación a led de todo o que falta na parroquia de Circes, onde a maior parte xa está renovada, e unhas renovacións en Quión nos lugares de Lago e San Fiz.

- Instalación dun ascensor no Concello e a reorganización das zonas de traballo na planta baixa por un importe total de 93.308 euros.

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Mellora da seguridade e accesibilidade peonil nas vías, que inclúe dúas actuacións: unha senda peonil en Bendaña dende a Igrexa ata entrada As Vagueiras e outra actuación de acceso a fonte-lavadoiro na Muíña en Quión.

- Reparacións e melloras de viarios mediante aglomerados por importe total de 145.475 euros inclúe actuacións na aldea de Campelo en Bama, na aldea de Sanguñedo en Prevediños e no vial da igrexa a Vilanova en Beseño e na Abelenda en Quión.

- Mellora de viario mediante aglomerado por importe de 62.070 a vía que vai da estrada da Deputación ata Ribeira de Turces, aproximadamente un kilómetro.

- Aglomerado en Loxo das aldeas de Vilanova e Loureda a conexión entre elas e os accesos interiores por un importe total de 61.266 euros.

- Reparación e mellora de viario con regos asfálticos por un importe total de 59.260 euros que inclúe a pista que vai dende As Goritas aos Torreis de Arriba, a que vai dende Quintás en Prevediños dende AC-240 ata Insua, a pista que vai de Sanguñedo ata Banda de Río en Prevediños e a pista en Lago-Quión ata o límite co Concelo de O Pino.

- Ampliación no ancho da estrada que vai dende a Goleta na AC-240 ata Enquerentes por un importe total de 65.888 euros.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Reboredo González, di que non van a entrar nin a discutir nin a valorar esta proposta de obras do goberno, porque o queremos é que nos explique o alcalde porque non se executa o acordo adoptado no pleno do 9 de xaneiro pasado, queremos saber que leva ao alcalde a incumprir unha das súas obrigacións que é a execución dos acordos adoptados polo pleno, transcorreu practicamente un mes e tampouco se fixo ningunha xestión con nós para tratar de corrixir, mellorar ou modificar ese acordo, por iso non imos nin entrar a valorar esta proposta de obras que seguramente case todas son interesantes, pero eran igual de interesantes, ou nós pesamos que bastante máis interesantes as incluídas na Moción que nós presentamos emendada posteriormente polo Concelleiro Darío. Hai unha irresponsabilidade política do alcalde negándose a cumprir un acordo da corporación, xa sabemos que está nunha situación complicada politicamente, pero hai que respetar a voluntad das maiorías, a maioría foi clarita ese día, sete votos a favor e nin sequera o goberno votou en contra desa proposta, xa é curioso, nin sequera votan en contra e agora fan case tabla rasa da proposta e pretende víspera de rematar o prazo de presentación da solicitude do Plan Provincial pretenden que nós digamos amén a esto, entón por suposto non vamos aceptar ese tipo de chantaxe, xa llo anticipei o outro día na comisión informativa que iamos votar en contra, xa lle advirto da responsabilidade na que pode incorrer por deixación de funcións, supoño que vostede estará asesorado e sabrá realmente ao que se arriesga, se se perde a subvención do plan e como se lle explica ao vecindario que se perdeu o plan por un capricho do alcalde de querer impoñer os seus criterios a toda costa sen aceptar a realidade, que gobernando en minoría e sobro todo se quere sacar aquelas que son competencia estricta do Pleno ten que negociar, que pactar, como iso parece que é incompatible co seu carácter, pois bueno. Xa lle anticipo que imos votar en contra, en consecuencia se non nos xustifica razonablemente o porque dese cambio, só nos queda unha opción que é pedir a súa dimisión, se o alcalde se nega a cumprir un acordo do pleno coas consecuencias que ten ese incumprimento de perder unha subvención de novecentos mil euros do Plan Provincial, que me diga alguén cal é outra opción; o alcalde non lle quedaría máis remedio que dimitir, tendo un mínimo de dignidade democrática ou saca unhas razóns que non se nos alcanzan ou realmente non vexo a onde nos quere levar con esta proposta.

O voceiro do BNG, Sr Xoan Louzao, di que é tremendo ter que chegar a isto. É certo que houbo un acordo plenario non último pleno no que nós votamos a favor, había unha seria de obras que nos parecían ben outras non tan ben, de feito algunhas eran demandas vellas que fixera o Bloque, e claro cando se nos presenta agora a proposta é certo que algunha daquelas propostas aprobadas polo pleno si que están, outras non están e incluso hai outras que non se aprobaran daquela, é evidente que ese acordo non se cumpre, iso é certo. Sabemos por experiencia propia que estamos ante un alcalde que actúa como si tivera unha maioría absoluta, incapaz de negociar nada, inflexible,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

kamikaze incluso diría eu, pero aquí un alcalde kamikaze en contra de quen vai é dos veciños, se non se aproba o plan quen vai quedar sen ese millón de euros en investimentos son todos os veciños e veciñas de Touro, é certo que falouse comigo un día por un membro do goberno pero preséntasenos unha proxecto pechado que practicamente hai que dicir que si, podes modificar algunha cousa que é baladí, tamén dixen que nós temos clara unha cousa por riba das loitas partidarias está o interés xeral, e xa o fixemos fai un ano e máis veces neste pleno de feito, estas loitas internas que tivo o goberno, esa actitude do Sr. alcalde que non dou entendido máis alá de que sexa de desidia, de incompetencia, non sei cal é peor das dúas sinceiramente, métenos literalmente entre a espada e a parede, pero nós temos unha responsabilidade como BNG, se eu salo mañá dicindo que votei en contra destes investimentos dun millón de euros, recriminaramo, non nos imos opoñer ao Plan, pero deixando ben claro e denunciando esta actitude que non vai absolutamente a ningún lado, salvo contra os intereses do Concello, a min paréceme desolador, imos para dous anos de goberno que estaba en minoría que agora está en minoría minoritaria, que rompeu e a actitude do goberno é pasr olimpicamente de todo, polo menos do Bloque, pensan xa tragaran, estes son responsables, quérenlle ao Concello, unha organización honesta e seria, non se van atrever a votar en contra, ese parece que é o xogo, un xogo perigoso, non nos imos opor ao plan, pero vostedes non poden xogar asi, teñen unha responsabilidade moi grande que vostede non é capaz de asumila, alá vostede.

O concelleiro non adscrito, Darío Rey di que quere reflexar un pouco o modus operandi deste alcalde ou como di el deste goberno, por poñer data no pasado POS, os que eramos integrantes da Xunta do goberno, recibimos os proxectos, non é unha cuestión de que se queixe a oposición, naquel momento recibimos os proxecto cinco minutos antes da Comisión, un pouco o que se pretendía era que subísemos as escaleiras, que nos sentásemos aquí e levantásemos co que ao alcalde se lle ocurrise, máis adiante, seguindo formando parte do goberno, falo do meses de setembro de 2024, trasladeille nun correo electrónico tanto ao alcalde coma ao tenente alcalde que no tocante a miña persoa era a última vez que levantaba a man acriticamente , que quedaba moito para o seguinte POS, seis, sete meses e que tiñan moito tempo para negociar, que non o deixasen para última hora, teño que dicir que dende aquela ata o día de hoxe ao contrario do que dixo Xoan ou o PP, a min nadie me contactou, nadie me ensinou nunca ningunha obra, nin me fixo ningunha proposta, dou por feito que consideraban que o meu voto era irrelevante e eu tamén daba por feito que o sería, para permitirse esa licencia supoño que terían garantido o voto do PP, pero a realidade dista bastante diso, entón eu non me atribúo ningún tipo de responsabilidade nesto, Touro non é o primeiro lugar que ten alcaldes alcaldes, irresponsables, incompetentes, kamikazes como ben antes se apuntou; tamén é certo que non recaería a responsabilidade nos concelleiros que estamos aquí, porque por exemplo o BNG de Padrón tumbóulle por non aceptar esa chantaxe, tumboulle o POS ao PP e estou moi de acordo co BNG de Padrón, non sei cal é a situación, o que si sei e que eu non acepto ningún tipo de chantaxe, máis que nada porque levo avisando meses e repito a min non se me pediu o voto, non se negociou nada,é máis incluso este alcalde ou este goberno máis ben na proposta que se aprobou aquí na Moción eu fixen unha emenda de substitución na que quitei obras do PP e incluín algunhas outras que eu consideraba, dicía Xoan que algunhas das propostas re recollen agora na proposta, si e certo, pero das miñas ningunha, eu creo que é unha auténtica burla, non acepto nin chantaxes nin neocaciquismos, é curioso que relate as obras que contempla o plan, case medio millón de euros vai en aglomerados, en sendas, recorda o alcalde cando estabamos na oposición seria e falaba desas sendas que non tiñan sentido, iso de votar cemento polas cunetas, recorda tamén como criticaba que o goberno decidise as obras daquela maneira cacique, dicía que había que facer un plan de obras e de viais par determinar cales deberían ter prioridade por dar servizo a un maior número de veciños, entón creo que é vítima do seu pasado, a responsabilidade e cen por cen deste goberno kamikaze, anuncio que o meu voto tamén vai ser en contra.

O Sr. alcalde di que o que aprobou este pleno co voto facilitador do goberno porque se abstivo, a valoración que fico o goberno foi que era unha moción positiva e de feito tomouse como directriz para a elaboración do Plan, o que se aprobou foi unha moción, non un acordo vinculante, iso tampouco lle quita mérito, eu valoreina como unha proposta positiva; agora ben, todas esas obras que se recollen nesa Moción son necesarias, está de acordo en incluílas todas pero o límite orzamentario é o que é. Por poñerlle un exemplo, falaban da reparación integral da piscina municipal, o Concello ten un proxecto que se vai por riba do medio millón de euros, as obras que propón na Moción vostede falaba de cen mil euros, polo que a moción é inexecutable, iso sabémolo. O que se fixo foi recoller o que o goberno consideraba máis relevantes, e xa lle digo que as actuacións na piscina de rehabilitación do vaso actualmente existente, reposición das plaquetas de toda a zona de praia e da recollida de augas

CVD: w0zznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de rebordamento e executar un novo vaso para uso infantil son douscentos mil euros e así todo, entón o que se fixo foi adaptar obras ao orzamento que temos. Por contra non houbo unha proposta, o plan con todos os proxectos, con toda a documentación, a marxe das conversas que tivo o Concelleiro de obras e tenente alcalde cos distintos grupos, foille entregada fai xustamente unha semana, o luns houbo un órgano que é unha Comisión na cal nin verbalmente nin de maneira escrita se expuxo emenda no sentido de proposta alternativa ou de modificación do plan, é máis grupos políticos que agora en Pleno manifestan o voto en contra na Comisión non votaron en contra, co cal o plan que se somete aquí a votación é un plan que foi aprobado pola Comisión, no que repito non se trasladou de maneira clara que obras serían susceptibles de sacar do plan, estamos de acordo en que todas as obras son necesarias, pero podemos discutir ou ter distintos criterios en cales son as prioridades, e non houbo unha comunicación dentro dese órganos e me consta nas conversas que levou o Concelleiro de obras cos distintos grupos de en vez desta obra metemos outra ou tratamos de reducir orzamento nunha obra determinada e incluír outras, non houbo esa proposta, co cal é moi bonito traer unha retaíla de obras, pero que non caben neste plan, temos diñeiro no banco, sentámonos elaborase un plan municipal de obras e inclúense as obras que se queiran, pero evidentemente neste plan temos a capacidade que temos, co cal o de estar cerrado a estas obras, para nada, a min non me consta nada ao respecto; entendo que é difícil para calquera dos grupos decir sacamos unha obra de aquí porque é prioritaria outra noutro lado, estamos de acordo que moitas veces é desvestir un santo para vestir outro; estivemos totalmente abertos a esas modificacións, de feito o voceiro do PP fixo unhas puntualizacións sobre dúas obras moi concretas, acerca da obra de mellora e ampliación da estrada dende a Goleta a Enquerentes, totalmente de acordo coa actuación e fixo unha puntualización de que se debería corrixir o proxecto porque se inclueu un enlace, que era mellor ir por outro lado, estamos abertos a esas modificacións e a outras que propoñan, tamén fixeron referencia ao aglomerado en Loxo, en Loureda, escoitamos esas modificacións ou as que propoñan, pero xa digo non houbo un traslado doutras proposta respecto disto, co cal sorpréndeme o relato, entendo que teña que vender o seu relato, da dimisión, perfecto; pero sobre as obras nada concreto, de feito non foi capaz en todo o relato de crítica ao goberno de sacamos unha actuación concreta e incluímos outra; e non se escoitou nin na Comisión nin na primeira intervención que fixo. Estou aberto a que non segundo turno, que propoña que actuacións sacamos e incluímos outras.

No segundo turno de palabra, o voceiro do PP, Sr. Reboredo González di, que hai que recoñecer que maneira de rizar o rizo, di o alcalde que non nos opoñemos, para empezar, ese matiz que fai de que o acordo do outro día salido dunha Moción non é un acordo, a Moción en todo caso sería o inicio do acordo, pero hai un acordo aprobado polo pleno, resolutivo cunha parte dispositiva ejecutiva clarísima, quen pretende ignorar ese acordo é o alcalde, quen quitou as obras da proposta foi o alcalde, cóntame o tema da piscina, acepto o que me di, pero hai maneiras de facelo en fases , de chamarnos ao día seguinte e dicirnos que este proxecto son cincocentos mil euros, o argumento de que non hai cartos para financiar o plan é falaz por completo, todas as obras que propuxeron distintas das que había na proposta inicial canto suman, para o que nos propoñemos non hai cartos pero si para as que engaden vostedes, o último argumento da comisión, eu fixen esa matización de que ganas ten o goberno de convencernos aos concejales do PP que a dous que en teoría nos afectan esas obras, concretamente quitan a que vai a dar a miña aldea, imos falar claro, cando na nosa proposta poñía sobreanchos pista de Goleta, Cimadevila e As Quintás e veñen vostedes con sobreanchos pista de A Goleta e As Quintás, ao mellor son eu mal pensado, pero é sospechoso. Na pista de Loureda, de Vilanova a Louradela, curiosamente, quitan o tramo que peor está e meten un tramito pola aldea dos que mellor está.

En canto ao tema das comisións, o alcalde sabe por experiencia que nós nos reservamos o voto para o Pleno, porque nos interesa, porque nos convén politicamente ou polo que sexa, nunca votamos salvo aquelas que son de puro trámite e estamos completamente de acordo por suposto que votamos a favor delas. Se os acordos das comisións informativas foran executivos para que queremos os plenos, é un ditamen que non confunda o Sr. alcalde que haxa un ditamen favorable aprobado por

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

quen o aprobou que significa unha minoría clarísima do Pleno, este plan hai que aprobalo en pleno porque é unha competencia específica do Pleno. Que non non entramos a presentar emendas a súa proposta, por suposto, xa lle dixen que non iamos valorar esas obras nin a discutir esa proposta, porque hai un acordo plenario, por moitas voltas que lle de a semántica, un acordo plenario que é executivo e se o alcalde se nega a executalo está facendo deixación de funcións, nun pleno dsetes pasados o alcalde facíanos referencia ás vías xudiciales que temos abertas, xa lle anticipo que esta vez si imos ir á vía penal, si decae o plan provincial, non imos votar a favor do plan porque nos parec unha chantaxe, desautorizar un acordo tomado aquí simplemente plo capricho do alcalde ou do goberno, modifican o acordo e non se molestan en argumentalo, tiveron un mes para negociar con nós, é certo que mandounos a documentación o xoves a tarde, tivemos coñecemento o venres, fin de semana, viñemos o luns e xa lle anticipamos que iamos votar en contra e a partir de aí foi cando vostedes trataron de falar con nós, polo menos no noso caso, perder un plan provincial, habería que facerse mirar iso, se o alcalde nos quere levar a ese terreo. Por último, dame impresión de que é falar por falar, vostedes teñen unha actuación predeterminada, quixeron provocar esta chantaxe, probarnos a ver se somos capaces ou non de dicir que non, se a vostede lle preocupen os intereses dos veciños presente a súa dimisión e nós aprobamos o Plan, así de clarito, porque vostede é o que trouxo e creou aquí a situación, hai outro métodos para cambiar de goberno, pero propoñemos iso porque é vostede o que nos trouxo ata aquí, non quere perxudicar ao veciños, fágalle un grandísimo favor aos veciños de Touro, vaiase; non so nesto do Plan porque está perxudicando aos veciños en outros moitos temas, pero non é hoxe o día, xa o traeremos a outros plenos para falar de porque non hai presupuestos e outra serie de cousas, imos votar en contra do plan non porque non esteamos de acordo coas obras, porque non as imos a valorar, seguramente todas son necesarias, pero non estamos de acordo co sistemas, cas formas, co procedemento e iso vainos a levar a votar en contra, sentindo moitísimo, pero non nos deixa aternativa.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao, di que fala da comisión do outro día, de prioridades, iso todo tiña qu e facelo vostede hai dous meses, porque está en minoría, un plan POS cando se trae hai que enviarlle á Deputación as obras, os orzamentos, primeiramente hai que negociar e chegar a acordos e cando se chega a acordos preséntanse as obras, pero presentando os proxectos con menos dunha semana que mañá é o último día, que che queda váleme así acriticamente ou dicir non quero modificar e que queres modificar, o que me queda por modificar que son uns euros, esa é a realidade. Non veña aquí con lágrimas de cocodrilo dicindo que fixo, nada diso é verdade, comigo falouse un ha vez e xa dixen o Bloque non vai tumbar o POS porque non queremos que vaia no noso lombo, sabendo todo o que está pasando, perder un millón de euros, pero realmente meréceo, o problema é que vostede é o responsable, pero os perxudicados son todos os veciños e veciñas de Touro, iso é o que hai, a partir de aí todo o demais é literatura.

O alcalde di que por puntualizar é un pouco extraño estar de acordo e votar en contra.

VOTACIÓNS

A proposta que resulta rexeitada, por catro votos a favor (3 concelleiros de MVXT e o Concelleiro do PG), por seis votos en contra (5 Concelleiros do PP e o Concelleiro non adscrito), e a abstención do Concelleiro do BNG, sendo once o número legal de membros da Corporación."

3. O 7 de febreiro convocouse un pleno extraordinario urxente *para adoptar acordo sobre a aprobación da solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2025, tendo en conta que o prazo para presentar a documentación ante a Deputación Provincial da Coruña remata no día de hoxe ás 15.00 horas e evitar a perda da subvención derivada do citado Plan,* onde tal e como consta na acta do citado Pleno de 7 de febreiro de 2025 (acta aprobada polo Pleno o 13 de marzo de 2025): "*A urxencia foi rexeitada, por catro votos a favor (3 de pMVdeT e 1 de PG) e seis en contra (5 de PP e o Concelleiro non adscrito); sendo once o número legal de membros da Corporación".*

4. Perante tal situación, e tendo en conta a cláusula residual de atribucións de competecias establecidas ao abeiro do artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, a alcaldía, mediante decreto de 07.02.2025 aproba a participación do concello de Touro no Plan Provincial 2025 para obras e servizos de competencia municipal solicitando unha achega de 753.830,11 euros en investimentos máis 236.693,38 do Plan Complementario, coa finalidade de evitar os prexuízos que se lle causarían aos veciños e ao Concello de non poder participar no plan.

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Non é necesario sinalar a importancia que estes recursos supoñen para a facenda municipal, polo que a xuízo de quen subscribe o acordo acoptado pola alcaldía é conforme a dereito (artigo 21.1 s da LBRL); en consecuencia, será a Deputación Provincial de A Coruña a que deba valorar se o Concello de Touro cumpre ou non coas bases de convocatoria do Plan 2025, e non o concello de Touro o que se autoexclúa do Plan por mor do acordo do pleno extraordinario de 6 de febreiro de 2025 en contra da participación no citado Plan.

A favor da conformidade a dereito do decreto de alcaldía recurrido e sobre a esixencia de acordo plenario das convocatorias do Plan Provincial por parte da Deputación de A Coruña, tense manifestado o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 3ª, Sentencia 166/2022 de 29 abril de 2022, Rec. 7154/2021 nos seus fundamentos xurídicos establece de xeito textual o seguinte:

> ***"SEGUNDO.-*** *Que la sentencia apelada desestima la demanda al considerar que la actuación de la demandada no infringe lo preceptuado en el art. 8 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, LRJSP y arts. 21, 22, 23 y 55 Ley 7/1985, de 2 de abril, LBRL, basándose el pronunciamiento en el criterio sostenido por la Dirección General de Administración Local en contestación a consulta de la Diputación de A Coruña, así como en el establecido por la Sala de lo Contencioso- Administrativo del TSXG, Sección 2ª, en rec. 5194/95, S. num. 1207/97, de 21 de octubre, litigio entre la Diputación de A Coruña y el Concello de A Laracha, ponencia Sr. Santiago Valencia, no considerando un Plan Provincial un sistema de subvenciones a obras de los Concellos, sentencia anterior a la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, cuya D.A. 8ª, subvenciones que integran el programa de cooperación económica del Estado a las inversiones de las entidades locales, que, como las que integran planes o instrumentos similares que tengan por objeto llevar a cabo funciones de asistencia y cooperación municipal se regirán por su normativa específica, y el acuerdo de participar en un Plan Provincial de Cooperación a las obras y servicios de competencia municipal es un acuerdo para pedir una subvención para financiar obras y servicios, con la diferencia de que puede solicitarse por una Administración Pública y que su concesión es obligatoria por la Diputación a todos los Concellos que decidan participar en el Plan Provincial por venir así establecido legalmente (art. 362.a) LBRL); y para decidir cuál es el órgano competente para solicitar tal subvención, se aplica el art. 21.1.5 LBRL que señala como atribuciones del alcalde las demás que expresamente le atribuyan las leyes y aquellas que la legislación del Estado o de las CC.AA. asignen al municipio y no atribuyan a otros órganos municipales, cláusula incluida por el legislador en la Ley 7/1985, y no se explica porqué no es de aplicación en el presente caso.*
>
> ***TERCERO.-*** *Que la interpretación sostenida por el Concello de Ordes sobre el órgano competente para la participación en un Plan Provincial es conforme con la que las. num. 6c4/18, de 14 de julio, del Xulgado do Contencioso- Administrativo num. 3 de A Coruña, en PO num. 69/17, hace del régimen de atribución de competencias entre el Alcalde de Ordes y el Pleno del Concello, confirmada por la Sección 2ª, de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del TSXG, por S. num. 166/20, de 13 de marzo, AP 4310/18, ponencia Sra. Recio González, señalando en su F.D. 3º que para resolver el debate es suficiente con remitirse de manera total al correcto informe de los letrados provinciales de 24-2-17, que negó que el órgano plenario tuviese competencias para realizar los nombramiento que se proponían, ya que era de claridad absoluta el art. 21.1.5 LBRL, al conferir al alcalde, como atribución residual, todas las que no estuviesen legalmente atribuidas a otros órganos municipales, de modo que aunque no enumera expresamente el art. 22.2 LBRL la atribución plenaria para realizar tales nombramientos, lo cierto es que podría existir si en algún otro texto se dispusiese, como permite expresamente el art. 58.c del ROFRJEL, en conexión con el art. 21.1.m) LBRL, y ya que no consta ningún texto normativo con rango legal que establezca tal atribución plenaria, se impone la*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

anulación del acuerdo plenario, de conformidad con lo dispuesto en el art. 47.1.b) LPACAP.

CUARTO.- *Que, como asimismo pone de relieve el Concello, en su escrito de apelación, si la Jurisdicción tiene claro que la determinación del representante de un Concello en los órganos de una mancomunidad (que atribuye al alcalde) es una competencia distinta del acuerdo de participación en una organización supramunicipal (mancomunidades), que el art. 22.2.b) LBRL atribuye al Pleno, no entendemos porqué no se sigue (por el Juzgado num. 1) el mismo razonamiento jurídico de aplicación del art. 21.1.5) para determinar el órgano competente para acordar la participación en un Plan Provincial; y la Ley 40/2015, en su art. 8, competencia, dispone que la competencia es irrenunciable y se ejercerá por los órganos administrativos que la tengan atribuida como propia, y es del alcalde (art. 2.1.5 LBRL) la competencia para solicitar una subvención derivada de la participación en el POS+ADICIONAL 1/2020 y 2/2020.*

FALLO

Se estima la apelación interpuesta por el Concello de Ordes contra la sentencia de 9-9-2021, dictada por el Xulgado num. 1 de A Coruña, en PO num. 101/2020, revocándose dicha resolución, y estimando el recurso contencioso- administrativo que articuló frente al acuerdo del Pleno de la Diputación de A Coruña de 30-4-2020, de modificación de las bases reguladoras del POS+2020 para la regulación del POS+ADICIONAL 1/2020 y del POS+ADICIONAL 2/2020, y se declara contrario a derecho en cuanto añade las Bases 12 y 13, así como los Anexos XV al XX con los modelos de documentos necesarios para su tramitación; con el pronunciamiento sobre costas procesales del F.D. 5º de esta resolución.

Do referido anteriormente, o acordo de participar nun Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal:

- É un acordo para pedir unha subvención para financiar obras e servizos, coa diferenza de que pode solicitarse por unha Administración Pública e que a súa concesión é obrigatoria pola Deputación a todos os Concellos que decidan participar no Plan Provincial por vir así establecido legalmente (art. 36.2.a) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL); e para decidir cal é o órgano competente para solicitar tal subvención, aplícase o art. 21.1.s) da citada LBRL que sinala como atribucións do alcalde as demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das CC.AA. asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

- A Lei 40/2015, no seu art. 8, dispón que a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, e é do alcalde (art. 21.1 s LBRL) a competencia para solicitar unha subvención derivada da participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) “POS+ 2025”.

SEXTO. DITAME DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA NÚMERO 155/2025 CON DATA 11.06.2025.

.../... Con carácter previo á análise de fondo do asunto sometido a ditame, en canto concirne aos trámites seguidos na instrución do procedemento debe partirse de que, como ten sinalado con reiteración este órgano consultivo (por todos, o recente CCG 212/20241), o exercicio da potestade revisora require unha adecuada e inescusable formalización, así como o escrupuloso acomodo a un procedemento do que os preceptos legais dan esencial razón en canto aos seus trámites fundamentais, o que garda directa relación coa configuración do procedemento administrativo como instrumento de garantía da legalidade e dos dereitos da cidadanía. Neste sentido, o Tribunal Supremo, na Sentenza do 24.2.2021, rec. 8075/2019, antes citada, ten salientado que o procedemento de revisión de oficio é un procedemento especial polo seu carácter extraordinario que, no non previsto de maneira especial na súa específica regulación contida no capítulo I do título V da LPAC, debe rexerse polos principios xerais do procedemento administrativo previstos na mesma LPAC.

Pois ben, no presente caso cabe indicar que as esixencias formais foron, en esencia, cumpridas. Así, logo do acordo de incoación pola Alcaldía do concello, realizáronse os actos de instrución, incluído o informe preceptivo da Secretaría (artigo 3.3.d).3º do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional) e, posteriormente, observouse o trámite de audiencia e formulouse unha proposta de resolución.

Para rematar cos aspectos de procedemento cómpre sinalar, respecto da competencia para a revisión de oficio do acto en cuestión que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante, LBRL) non contén ningunha previsión verbo de cal sexa o órgano competente para a revisión de oficio dos actos dos municipios de réxime común, fóra, iso si, dos supostos de revisión de oficio dos actos ditados en vía de xestión tributaria que o artigo 110 da LBRL atribúe ao Pleno da Corporación. Neste punto ha de notarse que a Sentenza do Tribunal Supremo do 13.12.2022, rec. 4472/2020, fixou doutrina verbo da interpretación do artigo 22.2.j) da LBRL que atribúe ao Pleno da Corporación a competencia para "o exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria". Na interpretación deste artigo 22.2.j), a precitada sentenza entendeu que a competencia para a revisión de oficio dos actos dos municipios de réxime común debía corresponder ao Pleno:

> *"1) En tanto no se colme el evidente vacío legal, el órgano competente para conocer de las revisiones de actos nulos de pleno derecho de los Presidentes de las Corporaciones Locales de régimen común es el Pleno del Ayuntamiento.*
>
> *2) No cabe la delegación de tal facultad".*

Velaí que a resolución que poña fin ao procedemento de revisión de oficio que nos ocupa, deba ser ditada polo Pleno do Concello de Touro.

.../... no suposto que agora nos ocupa o señor Fernández Vázquez menciona, como alicerce da nulidade de pleno dereito da resolución da Alcaldía do 7.2.2025, dúas causas de nulidade, cales son as previstas no artigo 47.1. b) da LPAC, "actos ditados por un órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio", e na letra e) do mesmo artigo, "actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ...".

Respecto da primeira destas causas de nulidade de pleno dereito, a recollida no artigo 47.1.b) da LPAC, a xurisprudencia vén sendo constante ao esixir, para que se produza este suposto de nulidade de pleno dereito, que a incompetencia do órgano sexa manifesta. Iso esixe, como expresa a Sentenza do Tribunal Supremo do 24.10.1986, que no acto acusado de nulidade absoluta a incompetencia do órgano resalte claramente, de maneira certa, a todas luces, sen dúbida algunha, sen deducila de interpretacións efectuadas arredor doutras normas e sen acudir a elucubracións indirectas. No mesmo sentido poden citarse as Sentenzas do 28.3.1987, do 31.3.1986 ou do 20.11.2001, rec. 7849/1997.

Partindo do que vén de sinalarse, cómpre xa descender ao suposto agora sometido a ditame. Como se indicou nos antecedentes, o señor Fernández Vázquez solicitou a declaración de nulidade de pleno dereito da Resolución da Alcaldía do 7.2.2025 na que se resolveu a participación do Concello de Touro no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal "POS+2025" da Deputación Provincial da Coruña.

Considera o Sr. Fernández Vázquez que a decisión sobre a participación do Concello no POS+2025 corresponde ao Pleno do Concello, pois a Base 5.A das Bases reguladoras do devandito Plan indica o seguinte: "O concello deberá presentar necesariamente unha solicitude integrada pola certificación do Acordo e por unha Memoria xustificativa da súa solicitude (...) Certificación do Acordo do Pleno do concello, segundo o modelo que figura como Anexo I a estas Bases, polo que se dispoña participar no presente Plan, aceptar expresamente estas Bases e solicitarlle á deputación a aplicación do importe dos distintos tipos de achegas que se lle asignaron dentro deste Plan para a realización dos posibles obxectos previstos na base 2".

No entanto, como refire o señor Fernández Vázquez e constata o informe da Secretaría–Intervención do 4.4.2025, a participación do Concello de Touro no Plan provincial foi acordada mediante resolución

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

da Alcaldía agora impugnada, logo de que o Pleno rexeitara a dita participación nunha sesión extraordinaria celebrada o 6.2.2025.

En consecuencia, a xuízo do señor Fernández Vázquez, a resolución da Alcaldía é nula por ter sido ditada por un órgano manifestamente incompetente. Pois ben, para ditaminar se concorre a causa de nulidade invocada polo reclamante é preciso examinar, en primeiro lugar, se a Alcaldía carece de competencia no suposto formulado e, en segundo lugar, de ser a conclusión afirmativa, se esta é manifesta.

Cómpre para iso recordar que a competencia dos órganos municipais é unha cuestión de orde pública e, polo tanto, delimitada mediante normas con rango de lei (neste sentido, STS de 8.11.2023, rec. 4969/2022). Son os artigos 21 e 22 da LBRL os que abordan esta cuestión, reservando unha serie de materias en favor do Pleno e outra en favor da Alcaldía. O sistema conclúe cunha cláusula de peche a teor da cal a Alcaldía ten competencia de carácter residual para as materias que no estean atribuídas a outro órgano.

Por conseguinte, son estes preceptos e non outras normas de rango xurídico inferior, como unhas bases aprobadas por unha deputación, os que corresponde analizar para determinar, no caso sobre o que se está a ditaminar, se a Alcaldía de Touro era incompetente para ditar a resolución impugnada.

Cabe engadir, ademais, que a atribución legal das competencias dos órganos administrativos refórzase co carácter irrenunciable ao que se refire o artigo 8.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que garante o seu exercicio por parte do titular da competencia, coa única salvidade dos supostos de delegación de competencias, avocación, encomendas de xestión, delegación de firma ou suplencia, previstos polas leis.

Pois ben, levando a cabo o exame dos artigos 21 e 22 da LBRL resulta que a potestade de solicitar subvencións doutra administración pública ou, como é o caso, acordar a participación en plans de cooperación entre administracións públicas, non aparece expresamente mencionada en ningún dos dous preceptos nin cabe incluíla, de forma nítida, nalgún dos seus apartados. Velaí que, ante a ausencia dunha previsión competencial específica, deba operar a cláusula residual de atribución de competencias á Alcaldía, prevista no artigo 21.1.s) da LBRL: "1. El Alcalde es el presidente de la Corporación y ostenta las siguientes atribuciones: (…) s) Las demás que expresamente le atribuyan las leyes y aquellas que la legislación del Estado o de las comunidades autónomas asignen al municipio y no atribuyan a otros órganos municipales".

Así o ten entendido en supostos semellantes ao que agora se está a examinar o Tribunal Supremo nas Sentenzas do 20.12.2018, rec. 369/2028 e do 5.11.2019, rec. 6806/2018. Nesta última se reitera o xa establecido na primeira, nos seguintes termos:

> *"la exigencia de un Acuerdo del Pleno de la Corporación Local … tal y como señalamos en la STS nº 1862/2018, de 20 de diciembre (rec. 369/2018), carece de cobertura normativa en la Ley de Bases de Régimen Local que, con carácter residual, confiere al Alcalde (art. 21.1.m), además de las competencias que le atribuyan las Leyes, aquellas que la legislación del Estado o de la Comunidades Autónomas asignen al Municipio y no atribuyan a otros órganos municipales.*
>
> *(…)*
>
> *En consecuencia, la exigencia referida a la necesidad de que la solicitud de cofinanciación la adoptase el Pleno de la Corporación Local no es conforme a derecho, lo que determinaría por sí mismo la estimación del recurso". [sic.].*

A aplicación desta xurisprudencia ao suposto agora sometido a ditame conduce a rexeitar a nulidade de pleno dereito da resolución do 7.2.2025 por incompetencia manifesta da Alcaldía. Distinto é se as bases dunha convocatoria de subvencións para os concellos, sen discutir a competencia irrenunciable da Alcaldía, poden esixir o acordo do Pleno respecto das obrigas orzamentarias que poida implicar a execución da actividade subvencionada, cuestión que o Tribunal Supremo considera que ten interese casacional obxectivo3, pero que non afecta á resolución da presente reclamación de nulidade de pleno dereito, na que o que se discute é precisamente a competencia da alcaldía para cursar a solicitude.

3 Así, o Auto do TS do 18.5.2023, rec. 945/2023, sinala o seguinte: "procede admitir a trámite

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

este recurso de casación y precisar que las cuestiones sobre las que se entiende existe interés casacional objetivo para la formación de jurisprudencia, consiste en matizar, concretar, reforzar o, en su caso, corregir la jurisprudencia, a fin de determinar, desde la perspectiva de la LGS y de la LBRL, en supuestos en los que no se cuestiona que el Alcalde tiene la competencia para aceptar los compromisos derivados de la aceptación de la subvención y para solicitar la misma, si las Bases de la convocatoria de la subvención pueden establecer como requisito para su concesión el acuerdo del Pleno del Ayuntamiento para aceptar los compromisos derivados de la aceptación de la subvención y de autorización al Alcalde para solicitar la misma".

Finalmente, polo que atinxe á causa de nulidade recollida na letra e) do artigo 47.1 da LPAC que tamén invoca o señor Fernández Vázquez nos seus escritos, do teor daqueles se desprende que a mención daquela causa se fai exclusivamente en relación coa eventual falta competencia da Alcaldía para ditar a resolución do 7.2.2025, sen cuestionar ningún outro aspecto relativo ao procedemento seguido para adoptar tal resolución. Así as cousas, tampouco resulta posible apreciar a concorrencia desta segunda causa de nulidade, nin sequera en relación coa prevista no artigo 47.1 b) da LPAC.

Polo tanto, sentada a competencia da Alcaldía para a adopción do acordo en cuestión, ao abeiro da cláusula residual de competencia recollida no artigo 21.1.s) da LBRL, o xuízo deste órgano consultivo debe ser favorable á desestimación da solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito formulada polo señor Fernández Vázquez.

CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina: "Que informa favorablemente a desestimación da solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito da Resolución da Alcaldía do Concello de Touro do 7.2.2025".

Ao abeiro de todo o referido anteriormente, proponse ao Pleno da Corporación**.**

PRIMEIRO. Desestimar a solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito da Resolución de alcaldía número 33/2025, de 7 de febreiro de 2025, polo que se aproba a participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" da Deputación Provincial da Coruña presentada por José Manuel Fernández Vázquez ao non concorrer as causas de nulidade previstas no artigo 47.1 b) e e) da Lei 39/2015, en base ao recollido no fundamento xurídico QUINTO e SEXTO do presente, xa que a potestade de solicitar subvencións doutra administración pública ou, como é o caso, acordar a participación en plans de cooperación entre administracións públicas, non aparece expresamente mencionada en ningún dos dous preceptos nin cabe incluíla, de forma nítida, nalgún dos seus apartado dos artigos 21 e 22 da LBRL, polo que ante a ausencia dunha previsión competencial específica, deba operar a cláusula residual de atribución de competencias á Alcaldía, prevista no artigo 21.1.s) da LBRL: "*1. El Alcalde es el presidente de la Corporación y ostenta las siguientes atribuciones: (…) s) Las demás que expresamente le atribuyan las leyes y aquellas que la legislación del Estado o de las comunidades autónomas asignen al municipio y no atribuyan a otros órganos municipales".*

SEGUNDO. Notificar o presente xunto cos recursos que procedan a José Manuel Fernández Vázquez.

TERCEIRO. De conformidade co artigo 45 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia (Decreto 91/2015, do 18 de xuño), comunicar á persoa titular da Secretaría Xeral deste Consello, no prazo dun mes desde a emisión do ditame, a adopción ou publicación das resolucións ou disposicións xerais consultadas que se adopten.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo municipal do PP, Sr. Reboredo González di que vamos a votar en contra da desestimación por un razón sencilla, nos non discutimos a competencia do alcalde para tramitar a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

solicitude, nin nós cre nin creo que nadie, como habiamos presentado un recurso de reposición contra ese decreto que tamén foi desestimado pola alcaldía, entendemos que non é o que se discute aquí, non se discute a competencia do alcalde para tramitar as solicitudes de subvencións, e así, ao alcalde correspóndelle a representación do Concello e loxicamente o que ten que tramitar as solicitudes. Estanse confundido dous temas que non teñen sentido, como argumento fundamental para nos vou ler nada máis o primeiro apartado da solicitude do POS aprobada polo decreto recurrido, dice resolvo:

Primeiro: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" da Deputación Provincial da Coruña, e agora matizo, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, se o señor alcalde coñece as Bases do POS e as acepta na súa totalidade terá que recoñecer que un dos fundamentos das Bases e que é Pleno quen ten que aprobar os investimentos que se solicitan, polo tanto non ten sentido que se pretenda desestimar ese recurso no sentido de que o se discute non é a competencia do alcalde para tramitar a solicitude se non para aprobar o POS, nese sentido imos a votar en contra desa desestimación, entendemos que debe revisarse de oficio a resolución de alcaldía e anulala, por pura lóxica en base a este apartado primeiro da solicitude tramitada polo Sr. alcalde.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que non ten ningún problema en votar a favor de que se remate o expediente, xa está rematado.

Intervén o secretario-interventor facendo un inciso e dicindo que non está rematado, e realiza unha intervención respecto ao dito polo voceiro do PP, aínda que os ditames do Consello Consultivo non son, en xeral, vinculantes, si son determinantes da resolución ou disposición administrativa que pon fin ao procedemento no que recaesen, xa que serven para fundamentalo e esixe que o órgano decisor motive as razóns polas que eventualmente a disposición ou resolución se apartase do ditaminado. A administración ten a obriga de motivar a súa decisión se non segue o criterio do Consello Consultivo.

En caso de oposición e non argumentando xuridicamente a mesma e constando informes e ditame favorable podería falarse dunha prevaricación por adoptar un acordo contrario a propósito sen soporte legal e existindo informes favorables para iso.

Me refiro a que si o sentido do voto é contrario ao Ditame vostedes deben motivar xuridicamente iso. Se se apartan do Ditame teñen que motivar o porque, eu o poño en coñecemento dos concelleiros, nada máis que a min é o que me compete.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que se entrar en disquisicións legais, hai unha cuestión que é moi evidente, aínda que aquí rexeite a nulidade de pleno dereito da Resolución de alcaldía, de pleno dereito non é pero de pleno feito si.

Tamén di no ditame que non entra a valorar que sexa necesario para aprobar e solicitar certas subvencións de certos plans doutros organismos sexa necesario acordo plenario e non entra niso, aí é onde eu me baseo, teño claro como BNG porque así o poñen as Bases que ten que aprobar o Plan POS é o Pleno do Concello non vou dar agora validez a un Decreto de alcaldía que se fai despois de facer dous plenos en doce horas e como ve que en pleno non se da aprobado agora vou por outra vía, vía decreto de alcaldía. Aínda que o Consello Consultivo diga que iso non é motivo de nulidade non llo vou a discutir evidentemente, pero o que eu teño claro como BNG co meu voto é dicir que iso está correcto porque non o está, eu non vou a validar, non é unha cuestión de ir máis alá, por coherencia política, se eu considero que para aprobar o Plan POS ten que haber un acordo do Pleno que sentido ten que veña o alcalde e poida ditar un decreto donde o aprobe.

O Concelleiro non adscrito abandona a sesión neste intre.

Continúa o voceiro do BNG, Sr. Louzao dicindo que el non pode facer unha xustificación xurídico-legal porque non está capacitado, eu fago un posicionamento político que o que me corresponde aquí e ademais dunha lóxica bastante aplastante, porque se di a Deputación que se aprobe un Plan POS vía Decreto cando obrigatoriamente hai que facelo en Pleno, de feito fixéronse dous en doce horas non podo validar que o alcalde o faga vía Decreto, e ese o meu sentido do meu voto, non é que non queira poñer fin a nada, poñerao o Pleno, de feito este decreto nulidade non o terá, pero de feito teno porque a Deputación dixo que non valía, a afectos prácticos non vale, ese é o razonamento político, non vou a entrar en disquisicións legais porque sería incapaz.

Incorpórase a sesión o Concelleiro non adscrito, Sr. Darío Rey.

O secretario-interventor di que aquí estase sustanciado un expediente de carácter técnico non de carácter político. Estase a resolver un expediente administrativo, tramitado, con alegacións, ditaminado polo Consello Consultivo. Non se está resolvendo unha cuestión política, que un cousa

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

pode levar aparellada a outra non imos a discutir. O propio Ditame do Consello Consultivo ven a dicir que quen é a Deputación para dicir que está por encima da Lei de Bases, o Consello Consultivo é un órgano independente que da a súa resolución que pode ser vinculante ou non, neste caso é semivinculante no senso da resolución que aquí se adopte se lle da traslado ao Consello Consultivo evidentemente e teño que remitir a motivación de porque a resolución do expediente se aparta do sentido do Ditame, nada máis, e o único que quero explicar.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que quere ser coherente, non podo votar a favor do que no seu momento votei en contra, que se valide un decreto ditado pola alcaldía cando os POS hai que aprobalos en Pleno porque así está nas Bases, no ditame tamén di algo así, o ditame rexeita a nulidade do Decreto pero non entra na obligatoriedade que haxa acordo plenario, esa é a cuestión, se hai unha obriga de aprobalo en Pleno o outro queda na práctica anulado, ese é o razoamento e por iso vou votar en contra.

O secretario-interventor di que poden votar o que estimen, so faltaría, pero a súa obriga é explicar as cuestións xurídicas.

O Sr. Louzao di que o que a el lle corresponde son os razoamentos políticos, por unha cuestión de coherencia.

O Sr. Reboredo González, voceiro do PP, di que non discutimos a competencia do alcalde para tramitar a solicitude, o alcalde atribuíuse a competencia residual que non ten sentido neste caso, non se trata de discutir se ten prevalencia a Lei de Bases ou a Deputación, o propio alcalde está aceptando as Bases do POS, non as pode contradicir a Resolución, o que discutimos é a competencia do alcalde para aprobar o POS con bastante fundamento xurídico, por iso imos votar en contra.

O Sr. Darío Rey, concelleiro no adscrito di que comparte as valoracións dos compañeiros, tanto é así como que o POS veu denegado.

O Sr. alcalde di que aclaramos o que se somete a votación, o sentido da votación é desestimar a solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito da Resolución de alcaldía número 33/2025, de 7 de febreiro de 2025, conforme ao Ditame do Consello Consultivo do cal teñen coñecemento.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación da proposta de resolución do expediente de revisión de oficio, de desestimación da solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito da Resolución de alcaldía número 33/2025, de 7 de febreiro de 2025, polo que se aproba a participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025” da Deputación Provincial da Coruña presentada por José Manuel Fernández Vázquez, que resultou rexeitado por sete votos en contra (5 concelleiros do PP, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito), por catro votos a favor (3 concelleiros de MVXTe o Concelleiro do PG) , sendo once o número legal de membros da Corporación.

3 EXPEDIENTE 2025/X006/000060. CALENDARIO LABORAL 2026, FIXACIÓN FESTIVOS LOCAIS.

Consta no expediente a seguinte proposta.

ANTECEDENTES

- O 20 de xuño de 2025, publicouse no DOG núm. 117 o Decreto 46/2025, do 9 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2026 onde consta:

De non se producir modificacións no calendario laboral de carácter estatal, as festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 serán as seguintes:

1 de xaneiro Aninovo

6 de xaneiro Epifanía do Señor (día de Reis)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

19 de marzo San Xosé

2 de abril Xoves Santo

3 de abril Venres Santo

1 de maio Festa do Traballo

24 de xuño San Xoán

25 de xullo Día Nacional de Galicia

15 de agosto Asunción da Virxe

12 de outubro Festa Nacional de España

8 de decembro Inmaculada Concepción

25 de decembro Natividade do Señor

As festas mencionadas terán carácter obrigatorio e non recuperable.

- O 26 de xuño tivo entrada no rexistro do Concello escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración onde consta de xeito textual o seguinte:

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que nese concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, solicítolle que envíe a proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dese termo municipal para o vindeiro ano 2026, que deberá remitir a este departamento territorial antes do día 1 de setembro de 2025.

Advírtese que, para o caso de non formular proposta ou non remitila antes da dita data, entenderase que optan polas fixadas para o ano 2025 ou para o último exercicio do que se teña constancia de proposta.

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Propoñer como festivos locais do Concello de Touro do calendario laboral de 2026:

- 17 de febreiro, martes de Antroido.

- 6 de abril, luns de Pascua.

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación da proposta de fixación dos festivos locais do Concello de Touro do calendario laboral de 2026, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

4 EXPEDIENTE 2025/X006/000063. COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS. APROBACIÓN.

Consta no expediente a seguinte proposta:

ANTECEDENTES:

- O 30.06.2025 tivo entrada no rexistro do Concello escrito presentado por Jesús José Reboredo González, portavoz do grupo municipal popular, onde consta de xeito textual o seguinte:

Por resolución da Alcaldía do 20 de setembro de 2024, modificouse a composición das comisión informativas, como consecuencia do abandono do concelleiro Darío Rey Suárez do grupo de Movemento Veciñal de Touro, asignándolle ó grupo de Movemento Veciñal o mesmo número de representantes que tiña antes do abandono do citado concelleiro, o que provoca que non se cumpra a proporcionalidade existente entre os grupos da Corporación.

De conformidade co establecido no artigo 20.1.c) da Ley 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e artigo 125, b) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico, a

CVD: w0zznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

composición das comisión informativas debe ser proporcional ó número de concelleiros que cada grupo ten no Pleno.

Desta irregularidade déuselle conta ó señor Alcalde de forma verbal en varias ocasións, sen que ata este momento se modificara a súa composición.

Para respectar a proporcionalidade existente entre os grupos do Pleno, só hai dúas opcións: incluír a todos os membros da Corporación ou reducir a representación do grupo Movemento Veciñal a dous concelleiros.

En virtude do exposto,

SOLICITO a modificación da composición das comisións informativas para respectar a proporcionalidade existente no Pleno, conforme ás normas invocadas.

- O 30.06.2025 a Comisión informativa de asuntos xerais aprobou por unanimidade a inclusión deste asunto na orde do día por urxencia, ditaminando favorablemente incluír a todos os membros da Corporación nas Comisións Informativas.

Ao abeiro do anterior, proponse ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO. Establecer a composición das Comisións Informativas creadas por acordo plenario do 18 de xullo de 2023 do seguinte xeito:

Comisión informativa	**Asuntos sobre os que emitirá ditame:**	**Composición e funcionamento**
Comisión informativa de facenda e especial de contas	Ditaminará os asuntos de competencia plenaria en materia de economía, facenda, promoción económica, transparencia, comercio, emprego e contas	Presidente: alcalde 5 representantes do PP 2 representantes de MVT 1 representante de PG 1 representante de BNG 1 Concelleiro non adscrito
Comisión informativa de obras	Ditaminará os asuntos de competencia plenaria en materia de Obras	Presidente: Jesús Martínez Pereira (PG) 5 representantes do PP 3 representantes de MVT 1 representante de BNG 1 Concelleiro non adscrito
Comisión informativa de asuntos xerais	Ditaminará sobre os demais asuntos de competencia plenaria que non teñan cabida na Comisión informativa de facenda e especial de contas e na comisión informativa de obras	Presidente: alcalde 5 representantes do PP 2 representantes de MVT 1 representante de PG 1 representante de BNG 1 Concelleiro non adscrito

SEGUNDO. Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento do Presidente de cada unha das comisión permanentes, a Presidencia será asumida polo membro titular do mesmo grupo Político ao que pertenza o presidente, atendendo á orde do seu nomeamento na respectiva comisión, de non existir, corresponderalle ao alcalde.

TERCEIRO. A efectos de control e seguimento da xestión dos órganos ós que anteriormente se fixo referencia, recoñecese o dereito de tódolos concelleiros membros da comisión informativa de poder consultar, directa e persoalmente, os Libros de Decretos e os Libros de Actas da Xunta de Goberno Local custodiados na Secretaría-Intervención da Corporación.

CUARTO. As sesións ordinarias das comisións informativas permanentes terán a mesma periodicidade que as sesións ordinarias de pleno, celebrándose os venres anteriores á celebración do pleno ordinario. De coincidir festivo celebrarase o primeiro día laborable seguinte (de luns de venres).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O seu funcionamento axustarase ao previsto nos artigos 17 e 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e, supletoriamente, polo que prevén os artigos 134 a 138 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da composición das Comisións Informativas, que resultou aprobada pola maioría absoluta, con dez votos a favor (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG) e a abstención do Concelleiro non adscrito, sendo once o número legal de mebros da Corporación.

II PARTE DE CONTROL

5 EXPEDIENTE 2025/G006/000178. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 9 DE XUÑO E O 6 DE XULLO DE 2025. TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 9 de xuño e o 6 de xullo de 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 9 de xuño e o 6 de xullo de 2025 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000204	EXPEDIENTE 2025/G010/000008. Pleno sesión ordinaria 12 de xuño de 2025. Convocatoria.	199/2025	09-06-2025
2025/G003/000197	EXPEDIENTE 2025/V006/000010. Solicitude de tarxetas de accesibilidade e estacionamento para persoas con discapacidade.	200/2025	09-06-2025
2025/G003/000205	EXPEDIENTE 2025/S002/000044. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	201/2025	09-06-2025
2025/G003/000206	EXPEDIENTE 2025/S002/000045. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	202/2025	09-06-2025
2025/G003/000208	EXPEDIENTE 2025/S002/000047. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	203/2025	09-06-2025
2025/G003/000207	EXPEDIENTE 2025/S002/000046. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	204/2025	09-06-2025
2025/G003/000209	EXPEDIENTE 2025/S003/000005. Solicitude renovación de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	205/2025	09-06-2025
2025/G003/000211	EXPEDIENTE 2025/S002/000049. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	206/2025	10-06-2025
2025/G003/000210	EXPEDIENTE 2025/S002/000048. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	207/2025	10-06-2025
2025/G003/000212	EXPEDIENTE 2025/A08/000032. Solicitude para o uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a camp aña de verán 2025 (Xunta de Galicia). Pago taxas reserva campamento.	208/2025	10-06-2025
2025/G003/000213	EXPEDIENTE 2025/T002/000011. Modificación de créditos xeración de créditos por ingresos, subvención para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos. Deixar sen efecto a Resolución por erro no concepto como beneficiario en lista de reserva.	209/2025	11-06-2025
2025/G003/000214	EXPEDIENTE 2025/S002/000050. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	210/2025	11-06-2025

CVD: w0zznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2025/G003/000215	EXPEDIENTE 2025/S002/000051. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	211/2025	11-06-2025
2025/G003/000217	EXPEDIENTE 2025/S002/000052. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	212/2025	11-06-2025
2025/G003/000216	EXPEDIENTE 2025/X006/000049. Horario verán. Aprobación.	213/2025	11-06-2025
2025/G003/000218	EXPEDIENTE 2025/S003/000006. Solicitude de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	214/2025	12-06-2025
2025/G003/000219	EXPEDIENTE 2025/S003/000007. Solicitude de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	215/2025	12-06-2025
2025/G003/000220	EXPEDIENTE 2025/G007/000007. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 13 de xuño de 2025	216/2025	12-06-2025
2025/G003/000221	EXPEDIENTE 2025/S002/000053. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	217/2025	13-06-2025
2025/G003/000222	EXPEDIENTE 2025/X999/000051. Aprobación nóminas extras xuño 2025.	218/2025	13-06-2025
2025/G003/000223	EXPEDIENTE 2025/S003/000008. Solicitude de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	219/2025	13-06-2025
2025/G003/000225	EXPEDIENTE 2025/E001/000006. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025. Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.	220/2025	16-06-2025
2025/G003/000224	EXPEDIENTE 2025/E001/000005. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) 2025. Lista de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.	221/2025	16-06-2025
2025/G003/000226	EXPEDIENTE 2025/G003/000226. Anulación recibo da taxa por recollida de lixo do exercicio 2023 número fixo: 253000555533	222/2025	16-06-2025
2025/G003/000228	EXPEDIENTE 2025/G003/000228. Alta recibo da taxa por recollida de lixo do exercicio 2023 por novo titular.	223/2025	16-06-2025
2025/G003/000230	EXPEDIENTE 2025/S002/000056. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	224/2025	16-06-2025
2025/G003/000229	EXPEDIENTE 2025/S002/000055. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	225/2025	16-06-2025
2025/G003/000227	EXPEDIENTE 2025/S002/000026. Modificación de Servizo Axuda no Fogar	226/2025	16-06-2025
2025/G003/000231	EXPEDIENTE 2025/S002/000026. Modificación de Servizo Axuda no Fogar	227/2025	18-06-2025
2025/G003/000234	2025/G003/000234. Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de xuño de 2025	228/2025	19-06-2025
2025/G003/000235	EXPEDIENTE 2024/I002/000030. Limpeza de fincas para prevención de incendios forestais no núcleo urbano de Fonte Díaz. Ref. Catastrais: 15086A001001850000IH e 15086A001000560000IH.	229/2025	19-06-2025
2025/G003/000233	2025/G003/000233. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de xuño 2025)	230/2025	19-06-2025
2025/G003/000232	EXPEDIENTE 2025/G003/000232. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de xuño de 2025	231/2025	19-06-2025
2025/G003/000236	EXPEDIENTE 2025/G003/000236. Asistencias por participacións en tribunais de selección.	232/2025	19-06-2025
2025/G003/000238	EXPEDIENTE 2025/V006/000011. Solicitude emisión tarxetas accesibilidade e estacionamento para persoas con discapacidade	233/2025	20-06-2025
2025/G003/000237	EXPEDIENTE 2025/E001/000005. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) 2025. Formalización do contrato	234/2025	20-06-2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2025/G003/000239	EXPEDIENTE 2025/C003/000001. "Mellora de viario de Bamela a Sar", incluída no POS ADICIONAL 2/2024. Aprobación plan seguridade e saúde.	235/2025	20-06-2025
2025/G003/000240	EXPEDIENTE 2025/S010/000003. Solicitude programa de teleasistencia domiciliaria	236/2025	23-06-2025
2025/G003/000243	EXPEDIENTE 2025/T002/000012. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos Subvencións biorresiduos.	237/2025	25-06-2025
2025/G003/000242	EXPEDIENTE 2025/C004/000005. Contratación seguro responsabilidad civil patrimonial, a través del contrato basado de la FEMP. Adjudicación de la contratación del seguro de responsabilidad civil patrimonial por la central de contratación de la FEMP.	238/2025	25-06-2025
2025/G003/000244	EXPEDIENTE 2025/S003/000009. Solicitude renovación de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	239/2025	25-06-2025
2025/G003/000246	EXPEDIENTE 2025/S003/000011. Solicitude de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	2402025	25-06-2025
2025/G003/000245	EXPEDIENTE 2025/S003/000010. Solicitude de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	241/2025	25-06-2025
2025/G003/000241	EXPEDIENTE 2025/G012/000003. Comisión informativa de asuntos xerais. Sesión ordinaria do 30 de xuño de 2025. Convovatoria.	242/2025	25-06-2025
2025/G003/000247	EXPEDIENTE: 2025/G003/000247. Decreto pago taxas para autorización para o tratamento de residuos no Punto limpo fixo no Concello de Touro (código procedemento MT975B)	243/2025	25-06-2025
2025/G003/000248	EXPEDIENTE: 2025/G003/000248. Convocatoria Comisión informativa de facenda e especial de contas 15.07.2025.pdf	244/2025	25-06-2025
2025/G003/000250	EXPEDIENTE 2025/E001/000006. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025. Procedemento de selección a través do Servizo Público de Emprego.	245/2025	26-06-2025
2025/G003/000249	EXPEDIENTE 2023/A006/000001. Convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón, Teo e Touro en prevención de condutas aditivas 2022-2025.	246/2025	26-06-2025
2025/G003/000254	EXPEDIENTE 2024/I002/000011. Limpeza de fincas no Lg. O Monte, Turces. Ref. Catastral: 15086C503006350001LT, 15086C503006380000KI e 15086C503006360000KD.	247/2025	26-06-2025
2025/G003/000253	EXPEDIENTE 2025/S002/000059. Baixa de servizo de axuda no fogar	248/2025	26-06-2025
2025/G003/000252	EXPEDIENTE 2025/S002/000058. Baixa de servizo de axuda no fogar	249/2025	26-06-2025
2025/G003/000251	EXPEDIENTE 2025/S002/000057. Baixa Servizo Axuda no Fogar	250/2025	26-06-2025
2025/G003/000255	EXPEDIENTE 2025/S002/000060. Baixa Servizo Axuda no Fogar	251/2025	26-06-2025
2025/G003/000260	EXPEDIENTE 2025/S002/000064. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	252/2025	27-06-2025
2025/G003/000259	EXPEDIENTE 2025/S002/000063. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	253/2025	27-06-2025
2025/G003/000258	EXPEDIENTE 2025/S002/000062. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	254/2025	27-06-2025
2025/G003/000257	EXPEDIENTE 2025/S002/000061. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	255/2025	27-06-2025
2025/G003/000256	EXPEDIENTE 2025/G003/000256 Anulación recibo da taxa por recollida de lixo do exercicio 2024 número fixo: 253000555063	256/2025	27-06-2025
2025/G003/000263	EXPEDIENTE 2025/S003/0000012 Solicitude renovación de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	257/2025	27-06-2025
2025/G003/000262	EXPEDIENTE 2025/S002/000066PAI. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	258/2025	27-06-2025
2025/G003/000261	EXPEDIENTE 2025/S002/000065. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	259/2025	27-06-2025
2025/G003/000264	EXPEDIENTE 2025/X999/000055. Aprobación nóminas xuño 2025.	260/2025	27-06-2025
2025/G003/000265	EXPEDIENTE 2025/C003/000001. "Pista de Oca de Abaixo a estrada Xeral (Beseño)", incluída no POS ADICIONAL 2/2024. Aprobación plan seguridade e saúde.	261/2025	30-06-2025
2025/G003/000267	EXPEDIENTE 2025/S003/000013. Concesión de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	262/2025	30-06-2025
2025/G003/000266	EXPEDIENTE 2025/A008/000037. Resolución de 28 de mayo	263/2025	30-06-2025

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	de 2025 del Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030, por la que se convocan subvenciones destinadas a acciones para el impulso de la Agenda 2030 en las Entidades Locales. Solicitud de Subvención.		
2025/G003/000268	EXPEDIENTE 2025/G003/000268. Dietas por asistencias ás sesións dos órganos colexiados municipais durante o segundo trimestre de 2025.	264/2025	01-07-2025
2025/G003/000269	EXPEDIENTE 2025/S003/000014. Concesión de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	265/2025	01-07-2025
2025/G003/000270	EXPEDIENTE 2025/G010/000009. Pleno sesión extraordinaria 7 de xullo de 2025. Convocatoria.	266/2025	01-07-2025
2025/G003/000272	EXPEDIENTE 2025/A008/000032. Solicitude para o uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a campaña de verán 2025 (Xunta de Galicia). Pago 75 % final.	267/2025	02-07-2025
2025/G003/000271	EXPEDIENTE 2025/S003/000015. Concesión de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	268/2025	02-07-2025
2025/G003/000273	EXPEDIENTE 2025/S003/0000016. Solicitude renovación de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	269/2025	02-07-2025
2025/G003/000274	EXPEDIENTE 2025/S003/0000017. Solicitude renovación de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	270/2025	02-07-2025
2025/G003/000275	EXPEDIENTE 2025/G003/000275. Copago usuarios SAF xuño.	271/2025	02-07-2025
2025/G003/000276	EXPEDIENTE 2025/E001/000006. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024. Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.	272/2025	04-07-2025

O pleno dase por enterado.

6 EXPEDIENTE 2025/Q002/000001. PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000044/2025. DEMANDA EN MATERIA DE PERSOAL. DACIÓN DE CONTA SENTENCIA 00102/2025 DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE A CORUÑA.

Por parte dio Sr. Alcalde dase conta da Sentencia 00102/2025 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de A Coruña, no procedemento abreviado 0000044/2025. Demanda en materia de persoal contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude presentada por Dna. Cristina Andújar Garrido, funcionaria interina, ante o Concello de Touro o 25/1/2024 pola que se solicitaba a declaración de situación de abuso na contratación, o recoñecemento de empregado público fixo e outras peticións subsidiarias na que establecía como pretensión principal:

A) A abusividade do contrato por obra e servizo determinado subscrito o 23 de xuño de 2016 e o nomeamento como funcionaria interina para a execución de programas temporais efectuado o 27 de xuño de 2019; así como as ampliacións deste nomeamento acordadas o 29 de novembro de 2019, o 9 de decembro de 2020, o 23 de maio de 2022 e a última prórroga acordada ata o 26 de xuño de 2024; e que en consecuencia cualifíquense como fraudulentos, por ser contrarios á Directiva 1999/70/CE do Consello do 28 de xuño de 1999.

B) Que, en consecuencia, recoñézase, á demandante, a condición de empregado público fixo, así como a súa permanencia no posto de traballo que actualmente desempeña e a súa situación xurídica individualizada cos mesmos dereitos e con suxeición ao mesmo réxime de estabilidade, permanencia e inamovilidade que rexe para os funcionarios de carreira.

Ou subsidiariamente supriman todas as discriminacións existentes con respecto ao persoal funcionario de carreira, en consecuencia, recoñézaselle como situación xurídica individualizada o dereito para permanecer no debido a que actualmente desempeña cos mesmos dereitos e con

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

suxeición ao mesmo réxime de estabilidade, permanencia e inamovilidade que rexe para os funcionarios de carreira comparables, sen adquirir a condición de funcionario de carreira

Fallo da Sentenza:

Estímase parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto pola letrada Sra. García Lema no nome e representación invocada contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude presentada por Dna. Cristina Andújar Garrido #ante o Concello de Touro obxecto do presente procedemento e, DECLÁRASE o carácter abusivo da relación temporal que vincula á demandante co Concello de Touro como animadora sociocultural desde o 23/6/2016 e RECOÑÉCESE o dereito á subsistencia e continuación da súa relación de emprego como animadora sociocultural ata que se cubra con funcionario/a de carreira mediante proceso selectivo que resulte procedente ou se amortice a praza. Sen costas.

7. MOCIÓNS.

7.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA BUSCAR SOLUCIÓNS AO PROBLEMA DO SUBMINISTRO DE AUGA.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

Dende fai anos e de forma reiterada o concello de Touro afronta problemas de subministro de auga durante o verán. Problema que cada ano se vai adiantando chegando este ano a aparecer cando aínda non levabamos unha semana de verán, e de maneira drástica ,ao deixar aos fogares da zona leste do concello sen auga durante dous días. Situación que se reproduciu nos días seguintes en outras parroquias e no propio Fonte Díaz

Tamén dende fai tempo o BNG vén alertando desta situación e solicitando que dende os sucesivos gobernos municipais se tomaran medidas que se adiantaran ao problema e evitaran situacións como as vividas fai pouco máis dunha semana.

Por parte do actual goberno local lonxe de asumir o problema e centrarse nas solucións optaron, unha vez máis, pola confrontación. Confrontación coa empresa concesionaria facéndolle requerementos e reclamacións. Litixio con unha empresa de transporte de auga potable á que o concello lle debe cen mil euros dende fai dous anos. E tamén co BNG ao que mentiron reiteradamente ante as recorrentes preguntas que o seu portavoz fixo nos plenos precisamente sobre a problemática do subministro de auga.

Esta forma de actuar do goberno municipal foi a que provocou os cortes de subministro nun momento onde aínda nin hai seca nin un problema de escaseza de auga, privando a moitos veciños e veciñas dun dos seus principais dereitos como é o dereito ao subministro de auga que é, ademais, unha obriga dos concellos como recolle a Lei 9/2019 de 11 de decembro de garantía de abastecemento de auga.

Por tanto é necesario tomar medidas que vaian na liña de solucionar primeiramente e de forma urxente os problemas de subministro que se poidan dar este verán para evitar novos cortes e despois, a medio prazo, buscar a solución de forma definitiva para resolver de vez o problema.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Elaborar de maneira inmediata un plan de emerxencia que contemple medidas concretas ante posibles continxencias por problemas nas captacións, para evitar novas situacións de corte de subministro neste verán.

2. Así mesmo e, sen prexuízo do anterior, ademais das medidas de aforro e mellora da eficiencia que se poidan adoptar, levar a cabo un estudo para buscar alternativas para mellorar a capacidade das captacións do concello. E, neste senso, avaliar a viabilidade de creación dun punto de captación no río Ulla (nun dos dous encoros) que permita ter garantido o subministro a todo o concello nas épocas de forte estiaxe.

O voceiro do BNG, Sr Louzao di que o pasado luns o alcalde dixo que a única responsable do problema da auga era a empresa concesionaria cando sabe que non é así porque o Concello ten a

CVD: w0zznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

obriga de prestar o servizo de auga, xa que é un dereito que teñen todos os veciños, por eso no ano 2023 e 2024 pediu auga cando faltou, evidentemente si non tivera responsabilidade non lle correspondería facelo. Q pasou, que agora, como non se pagaron as facturas 2023 e tiña conflito con esta empresa que podería resolver o problema de urxencia, o problema explotoulle na cara e os veciños estiveron sen auga non por un problema de seca senón por neglixencia clara e palpable. Solicitou informe a Deputación, todo resultou un enleada, despois de vinte e pico anos quedouse sen auga antes de empezar o verán. Eu quero preguntarlle se vai a aprender algo do que pasou e se vai cambiar a actitude que ten neste asunto, porque o problema vai volver a aparecer. Nesa liña vai a nosa moción, pero evidentemente hai que explicar como se chega a esta situación e por iso pedimos:

1. Elaborar de maneira inmediata un plan de emerxencia que contemple medidas concretas ante posibles continxencias por problemas nas captacións, para evitar novas situacións de corte de subministro neste verán.

2. Así mesmo e, sen prexuízo do anterior, ademais das medidas de aforro e mellora da eficiencia que se poidan adoptar, levar a cabo un estudo para buscar alternativas para mellorar a capacidade das captacións do concello. E, neste senso, avaliar a viabilidade de creación dun punto de captación no río Ulla (nun dos dous encoros) que permita ter garantido o subministro a todo o concello nas épocas de forte estiaxe.

O voceiro do PP, Sr.Reboredo González, di que están totalmente de acordo co que acaba de dicir o Concelleiro do BNG, traemos unha Moción que vai a entrar moito máis a fondo nas causas dos cortes, porque a proposta do BNG está ben de cara os meses de seca, pero os cortes que houbo non teñen nada que ver coa escaseza de auga, senón a incompetencia absoluta do goberno municipal.

O Sr. alcalde di que estamos de acordo coa proposta que se somete, agora ben todo o relato previo está interesadamente equivocado, dixo que eu dixera dúas veces no pleno que no ano 2023 o Concello non encargara cisternas auga. O alcalde di que no ano 2023 o Concello non fixo encargo de cisternas a empresa, xa que o encargo, o control e a xestión, como ten que ser, o fixo a concesionaria Espina & Delfín. Por un lado falan de escaseza de auga e por outro de que non hai escaseza, póñanse de acordo; unha cousa é que non haxa escaseza do recurso no punto de captación, en todo caso a empresa concesionaria dende que eu son alcalde me trasladou que non houbese recurso de auga na captación. Con todo o que levan dito estes días, de quen era a competencia de quen tiña a responsabilidade e cales eran as funcións dun e outro e que sexa onte cando pidan o contrato, xa di moito da rigurosidade ca que falan.

Na cláusula seis do prego dos contratos, establece fiscalizar a xestión o concesionario, eso é o que se ven facendo, estamos presentando á empresa cuestións a pesar de non ter datos sospeitamos que hai eivas na xestión do subministro, que se está facendo un consumo excesivo derivado de usos prohibidos; sabemos que non hai sistema que soporte unha saída infinita de auga. O alcalde nesa labor de fiscalización, nin pode, nin sabe, nin ten porque dicirlle como optimizar os recursos da rede á concesionaria. Respecto de es idea interesada que queren trasladar de que os problemas de subministro que houbo se solventarían con aporte de cisternas de auga potable non é verdade, non sei como chegan a esa conclusión, pero non é certo, xa que a incidencia se debe a que parte da infraestrutura non funciona e parte do depósito de Baiobre hai unha saída incontrolada cando unha noite saen dez veces o caudal que viñan saíndo en noites precedentes e días posteriores en ola de calor o caudal que saíu é tres veces o que saíu esa noite, esa noite houbo unha saída anómala e se non hai un mecanismo de control, o depósito loxicamente baleirase; recurso dispoñible había e hai, no é un problema de falta de recurso, pedimos explicacións á concesionaria desa perda de recurso de auga que tiña, e se é o caso aplicar as penalidades e sancións que procedan. Respecto da incidencia na potabilizadora de Touro o mesmo, temos solicitado as gráficas de semanas previas e todos os días posteriores para saber que pasou, coas entradas e saídas de caudal.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao, di que a auga faltou e non aprendeu nada porque o único que fixo na súa alegación, é dicir que a culpa foi da empresa concesionaria porque non lle di ao alcalde que falta a auga, pois entón ábralle un expediente á empresa concesionaria se lle está ocultando información,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

todos anos se saca un bando porque hai escaseza de auga e vostede descoñece iso, deixe de tomarnos o pelo. Culpa aos veciños tamén, se son un veciño que o estou escoitando estaría moi cabreado, resólvame o problema e non me conte milongas.

Respecto de quen pide ou non pide a auga, que eu sepa a empresa a quen lle reclama é ao Concello, non a concesionaria.

Gustaríame saber tamén, se vostede vai levar aos Xulgados á concesionaria despois de todo o que acaba de dicir, e tamén se vai pagar as facturas do 2023. O Bloque o que dixo no facebook algo así como igual se podía solucionar o problema pagando as facturas que se deben; é curioso porque ata no seu Grupo de Goberno hai xente que opina que se as cousas se piden hai que pagalas.

Se hai un problema hai que buscarlle solución e por iso propoño esas medidas a corto e medio prazo. Se a auga a había e faltou, de quen é a culpa?

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que onte pedimos onte copia do contrato e dos pregos porque o luns dixo que toda a responsabilidade era da empresa, queremos saber que di o contrato, o pleno foi o luns, pedímosllo o mércores, queriámolo ter para hoxe; xa adianto que do depósito de Baiobre desapareceu auga como se se evaporase, non se pode mentir tan descaradamente, saben perfectamente cales son as causas outra cousa é que queira enganar aos veciños, hai un problema non teñen capacidade para xestionalo e por riba desprezan aos veciños non dándolle unha soa información.

O Sr. Alcalde, efectivamente non temos capacidade para xestionar, porque a xestión tena a concesionaria ten a xestión integral. A función e responsabilidade, que non é menor, do Concello, do goberno e do Alcalde é cumprir e facer cumprir o contrato. A xestión do recurso está privatizada, non hai máis voltas que darlle, é unha concesión que ten a xestión integral do servizo, o alcalde ten a función de fiscalizar. Non sei para que lle mandei o contrato porque total o que fan e o que pretenden é enganar a xente, cláusula 14 do contrato o concesionaria tomará ao seu cargo a explotación e xestión integral do servizo de abastecemento de auga e velará polo correcto funcionamento da rede adoptando as medidas oportunas para que sempre apta nas debidas condicións de uso e sendo por tanto responsable de ditos servizos e di a 15.2 o concesionario deberá asegurar a distribución da auga captada dentro dos volumes potencialmente dispoñibles, non o que lle dea a gana ou lle pidan os usuarios, e coa utilización dos medios necesarios para a súa implusión, tratamento, condución, acumulación e distribución, garantíndose o correcto aproveitamento. En caso de necesidade o réxime de restriccións a establecer será imposto polo Concello, previo informe do concesionario.

Se houbera motivo para as restricións que ten que informalo é o concesionario e o Concello adopta a decisión.

Xa sei que o seu non é ler e é máis fácil apuntar ao alcalde, pero a realidade é a que é.

Eu esperaba que me preguntasen se ía tomar algunha medida contra a concesionaria porque evidentemente as deficiencias na xestión derivaron nesa interrupción do servizo, e estamos recabando os datos pertinentes e darémosllo para analizar a alguén que saiba da cuestión e tomaranse as reclamacións que se consideren ao respecto. De feito os usuarios tamén teñen a súa canle de reclamación vía concesionaria, os abonados saben que se achega algunha reclamación ao Concello como si chegou o que fai e darlle traslado a concesionaria porque é a responsable.

O Sr. Louzao di que por alusións, porque se me dixo que enganaba a xente e que non leía, quero saber que dixen eu que fora mentira, sempre fai o mesmo.

Entre outras que o alcalde é o responsable da xestión, di o Sr. alcalde.

O Sr. Louzao di que o que dixo foi que o Concello ten responsabilidade e se me di que o que ten que facer e cumprir e facer cumprir o contrato, non o está facendo.

É evidente que o alcalde recoñece que non ten toda capacidade e dilixencia que debera ter para que o contrato se cumprise escrupulosamente e non lle faltase a auga aos veciños. Esta concesión non empezou hai dous anos, hai dezaoito anos, porque estas eivas de xestión nun contrato que debería estar trillado, evidentemente se a empresa for a todo o dilixente que debera ser estas circunstancias se resolverían doutra maneira. Espera que estas cuestións se resolvan coa información que traslade a empresa e aprender, sobre todo a empresa.

VOTACIÓNS

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Procédese á votación da Moción resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (cinco Concelleiros do PP, tres concelleiros de MVXT, o Concelleiro do PG, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

Por urxencia foi presentada unha Moción polo Grupo Municipal do Partido Popular, procedéndose á votación da urxencia, sendo ratificada a urxencia pola unanimidade dos once Concelleiros que conforma a Corporación.

O Sr. alcalde di que incluímos a Moción na orde do Día.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González defende a seguinte Moción:

7.2 MOCIÓN PARA A EXPLICACIÓN DAS CAUSAS DOS CORTES DE AUGA EN VARIAS PARROQUIAS E XUSTIFICACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os días 26 e 27 de xuño quedaron sen subministro de auga durante dous días os veciños das parroquias de Beseño, Turces, Calvos, Circes e Cornado, e o día 29 pola tarde ata o día 30 quedaron sen auga os veciños de Fonte Díaz.

A día de hoxe seguimos sen coñecer cales foron as causas destes cortes, sen que o goberno municipal dera unha soa explicación de porqué se produciron e de porqué non se avisou ós veciños, xa que tiñan coñecemento da escaseza de auga sobre todo no depósito de Baiobre, posto que andiveron visitando a algúns dos grandes consumidores para que reduciran o consumo.

O día 30 puidemos comprobar todos á saída dunha comisión informativa como se transportaba auga cunha cisterna de purín desde o río Lañas para o depósito municipal, transporte que se produciu entre os días 30 de xuño e 4 de xullo (máis de 350 m3, segundo van dicindo por aí), co tractor dun particular que resulta ser tamén traballador municipal. Por suposto que este medio de transporte non reúne ningún dos requisitos esixidos para este finalidade.

O día 2 de xullo, o Alcalde fala por primeira vez do problema da auga nunha entrevista na Voz de Galicia, para dicir que se recuperou o servizo, recoñecendo o transporte de auga e que todo se fixo conforme á legalidade e con todas as garantías, e que a empresa concesionaria non é sospeitosa de neglixencia.

O día 3 de xullo, Espina C Delfín emite un comunicado publicado polo Concello no que se di que o transporte de auga mediante cisterna reúne todas as garantías e cumprimento da legalidade, cousa rotundamente falsa porque esa cisterna non está homologada para o transporte de produtos alimentarios, xa que se trata dunha cisterna para transporte de puríns, aínda que non dubidamos que estivera lavada.

O propio día 3 de xullo, o diario El Correo Gallego publica unha información de Espina C Delfín acusando ós grupos da oposición municipal de crear alarma social por denunciar a incompetencia do goberno e a incapacidade e a improvisación da concesionaria para garantir o subministro de auga, que son os que realmente crean a alarma social, primeiro por deixar sen servizo a moitos veciños do concello e segundo por negarse a dar información do que estaba pasando.

A través dos periódicos, di tamén o señor Alcalde que se fixo unha ampliación da capacidade da ETAP para tratamento da auga, aproveitando unha avaría, terá que explicar en que consistiron esas obras porque moito nos tememos que sexa só un pretexto para xustificar que a planta podía tratar tamén a auga subida coa cisterna.

Desde o Partido Popular limitámonos a poñer en coñecemento dos veciños o que estaba pasando, incluso mandamos á concesionaria o día 1 de xullo un burofax electrónico -que por certo non recolleron- preguntando se estaban en condicións de garantir que auga subministrada reunía todas as condicións sanitarias, e por suposto denunciando tamén o emprego da cisterna para o transporte da auga, que curiosamente é propiedade dun traballador municipal e preguntámonos para quen

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

traballaba eses días: para o Concello que é quen lle pago o seu soldo, para Espina C Delfín ou para si mesmo.

Estes cortes de auga poñen en evidencia a nefasta xestión do goberno municipal no que levamos de lexislatura, na que non se fixo unha soa proposta, medida ou proxecto para mellorar o abastecemento municipal de auga, cando todos somos conscientes dos problemas do abastecemento municipal, como son:

- Falta de auga nos meses de seca durante os últimos anos, tendo que recorrer á compra de auga

- Aumento do número de usuarios do servizo

- Aumento do consumo

- Deficiencias na rede de distribución, que segundo propia concesionaria ten un rendemento do 67%

O Partido Popular levaba no seu programa electoral un proxecto de bombeo de auga desde o río Ulla, para garantir o subministro de auga potable para consumo domiciliario e tamén para usos comerciais, industriais e gandeiros, co fin da facilitar o desenvolvemento do Concello.

O goberno municipal, lonxe de acometer melloras na infraestrutura do abastecemento, é incapaz de xestionar cun mínimo de eficacia os recursos existentes, cuxos fallos son a causa directa dos cortes de auga producidos, a saber:

- A non utilización do depósito do polígono, que cunha capacidade de 750 m3, estaba vacío os días dos cortes, e estaba sen auga porque disque falta unha peza que impide o bombeo desde o depósito da ETAP. Esta obra de conexión dos dous depósitos foi a que deu lugar a perda da subvención de 41.000 euros, por executala fóra de prazo e agora comprobamos que tamén se fixo mal porque non se está usando.

- Se o depósito do polígono estivese funcionando reduciríase a carga de consumo do depósito de Baiobre e non se producirían os cortes.

- A perda de auga da piscina municipal, de máis de 60 m3 diarios. Coméntase que se estivo metendo auga na piscina coa famosa cisterna e preguntámonos de onde procedía esa auga, do depósito ou do río?

- A negativa do señor Alcalde a pagar unhas facturas da empresa Transtambre (das que nunca quixo informar, a pesar de que se lle pediron explicacións en varios plenos), dos anos 2023 e 2024, por un subministro de auga que encargou o Concello e que quería que fosen abonadas pola concesionaria, o que lle impediu que puidera comprar auga tratada este ano, a pesar das xestións feitas polo goberno municipal cerca da empresa. Facturas que segundo se deduce do informe da Deputación ó final vai ter que pagar o Concello.

En resumo, a situación do abastecemento municipal é a que describía Movemento Veciñal no mes de maio do ano 2023, agravada por dous anos máis de manifesta incompetencia e irresponsabilidade na xestión municipal. Isto é o que dicían:

"A incompetencia do goberno pode agravar as consecuencias da seca un verán máis.

A rede de abastecemento municipal está nunha situación de extrema gravidade. O deficiente estado das infraestruturas (captación, tubaxe, piscina municipal con graves fugas ...) provoca unha perda de auga inasumible que produce que no verán núcleos de poboación queden desabastecidos. Isto todo é froito dunha mala planificación e execución (tubaxe soterrada con pedras, bombeo deficiente ...) Poñeremos en marcha diferentes accións de emerxencia para renovar a infraestrutura."

En base a estes antecedentes, formulamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1º- Que polo señor Alcalde se explique porqué non está funcionando o depósito de auga do polígono, a pesar das obras de conexión realizadas.

2º- Que se explique porqué non se acometeron as obras necesarias para evitar a perda de auga da piscina, porque se hai que cerrar a piscina ou deixar sen auga ós veciños a elección debe estar clara.

3º- Que se explique porqué non se pagaron as facturas á empresa Transtambre, cando foi o propio Concello o que encargou a auga.

4º- Que se explique porqué non se informou ós veciños afectados do que estaba pasando.

5º- Que se xustifique porqué houbo que recorrer á cisterna dun traballador municipal para realizar o transporte de auga desde o río, cando segundo as informacións dos periódicos fíxose a cargo da empresa concesionaria, que si supoñemos que ten camións cisterna homologados.

CVD: w0zznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6º- Que se explique en que consistiron as obras de ampliación da capacidade da ETAP para tratamento de auga e en que momento se fixeron.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao está de acordo en que se dean explicacións e haxa transparencia.

O Sr. alcalde di que toda a retaíla de relato é manifestamente falso na súa maioría, fala de que non había coñecemento de escaseza no depósito de Baiobre, por que non na había nin a hai neste momento. Hai auga bruta non manantiais, e a falta de auga debeuse a unha perda de reserva do depósito, que achaco a un erro de xestión, a unha deficiencia de xestión da empresa coas consecuencias que todos coñecemos.

Respecto do medio de transporte di que se fixo sen reunir os requisitos legais, teñen coñecemento do informe de Espina & Delfín, cando vostedes o luns falaron o respecto sen pedir información algunha, as opinións son moi libres e vostedes fixéronas.

Eu ratifícome nas declaracións que fixen á Voz de Galicia, que se fixo un transporte de auga con todas as garantías, porque teño un informe por escrito da concesionaria; eu non teña ningunha sospeita nese aspecto de neglixencia por parte da concesionaria e que poña en risco a poboación.

A cisterna non transportaba produtos alimentarios, senón que transportaba auga bruta que despois foi potabilizada.

- Empézolle polo final, *Que se explique en que consistiron as obras de ampliación da capacidade da ETAP para tratamento de auga e en que momento se fixeron,* madrugada do domingo, primeira hora do luns, o que se fixo foi instalar dúas liñas de filtrado; puntualizo se estas preguntas mas trasladase non hoxe ás 8.04 da tarde senón con máis antelación podería ser máis riguroso nestas cuestións técnicas, de todas formas o que vou facer é trasladarllas á empresa; a capacidade de potabilización era de 35 metros cúbicos hora e desta maneira pasa a 50 metros cúbicos hora. Remítome a cláusula 14 do contrato e o que se fixo foi adecuar a instalación as necesidades.

- Respecto do punto 5 que di *Que se xustifique porqué houbo que recorrer á cisterna dun traballador municipal para realizar o transporte de auga desde o río, cando segundo as informacións dos periódicos fíxose a cargo da empresa concesionaria, que si supoñemos que ten camións cisterna homologados.* O que me traslada a empresa nese intre é que non hai capacidade de impulsión, pero si de potabilización, dime a concesionaria que o problema de impulsión é dunha infraestrutura que lle corresponde subsanar ao propio Concello; pero ante a imposibilidade de facelo nese intre e ante a situación de falla de auga, a maneira de colaborar do Concello foi de dotar ao traballador e aos seus medios, e o que se acadou foi aumentar a capacidade de fabricación de auga potable.

- Respecto da pregunta 4 *Que se explique porqué non se informou ós veciños afectados do que estaba pasando;* cláusula 6 do contrato, a función do Concello é fiscalizar a xestión do concesionario cuxo efecto poderá inspeccionar o servizo, as súas obras, instalacións e locais e a documentación relacionada co obxecto da concesión, así como ditar as ordes precisas para mante ou restablecer a debida prestación do servizo. A situación foi comunicacións da concesionaria de reposición do servizo que se foron alongando; antes de dar falsas previsións, ante a falla de informacións precisas, é unha información que o Concello non pode inventar se a concesionaria non o facilita.

- No punto 3 fala de *Que se explique porqué non se pagaron as facturas á empresa Transtambre, cando foi o propio Concello o que encargou a auga,* no ano 2023 o Concello non encargou a auga polo tanto non as pagou, entende que non se debera facturar ao Concello xa que non fixo as peticións; si as encargou no ano 2024 fixo a tramitación administrativa correspondente e pagáronse.

- Respecto da pregunta *1º- Que polo señor Alcalde se explique porqué non está funcionando o depósito de auga do polígono, a pesar das obras de conexión realizadas,* o Sr. alcalde di cláusula 1 do contrato establece que o obxecto e a xestión integral do servizo público de abastecemento de auga do que forman parte as obras e instalacións: captacións, condución, plantas de tratamento e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

depuración, depósitos de acumulación e reguladores e redes de dsitribución de auga potable ata o sistema de distribución domiciliaria.
O que fai o Concello é poñer a disposición da concesionaria as instalacións e as obras e que nas xestiona é a concesionaria, esta pregunta paréceme interesante eu tamén ma fago, pero quen debe dar explicación ao respecto é a concesionaria, saberá na súa xestión porque non fixo uso dela. A obra está entregada dende hai un ano, hai un defecto de funcionamento dunha peza que me trasladaron de xeito verbal que o detectaron fai dez días. Se a empresa levaba un ano con esa obra entregada porque non fixo esa comprobación moito antes. Tamén lle adianto que ese depósito ten reserva de auga, información verbal porque non teño as gráficas, falo de memoria fíxose dende martes, cunha suposta crise de auga a empresa é capaz de fabricar auga para dar subministro en continuo máis de xerar unha reserva, porque ese depósito non estaba en reserva hai un mes, unha pregunta interesante que lle trasladei á concesionaria, todo entenden que a función do alcalde non é ir ver se os depósitos teñen auga ou non, porque para iso está a concesionaria, a función do alcalde é pedir responsabilidade e explicacións de porque nese momento reserva de auga nese depósito e se houbera habido auga nese depósito se minimizarían os prexuízos e os danos causados á veciñanza e niso traballaremos.

- Respecto da pregunta 2, da piscina, si ten perdas de auga pero nada o dato que da vostede, había fugas que se repararon, non hai unha boa eficiencia no aproveitamento de auga no depósto de compensación. Sacaremos un bando, hai imprudentemente que se vai bañar ás noites, máis alá das perdas de auga quero facer un chamamento porque o risco de sofrir un accidente é elevado, non é novo, creo que hai que chamar á responsabilidade, e si é causa de perdas de auga.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que imos empezar por esto último, o tema do depósito do polígono, unhas obras de conexión feitas fai un ano se se entregan á concesionaria, terán que entregarse en funcionamento, e haberá que probalas, senón non se entregan en funcionamento, quero supoñer que se fixeron esas probas. O que si é penoso é que teñamos que vir nos aquí a denuncialo, que o alcalde e o goberno non teñan coñecemento destas cousas. Cando apereceu a peza defectousa, o que está claro é a irresponsabilidade por parte do goberno municipal nesa entrega da infraestrutura. Non ten que preguntarlle á concesionaria, se houbera a reserva de auga nese depósito os problemas de auga de Baiobre e Touro non houberan sucedido, eso cen por cen seguro; a min paréceme gravísimo e a concesionaria non ten responsabilidade porque é de quen executa e entrega a obra.

O tema da piscina, fixeron pequenas chapuzas, pequenos arreglos. O tema do traballador esa argumentación de que era competencia do Concello subministrarlle auga bruta á empresa, non é o que vostede dicía no periódico non Espina no seu informe; rectificar é de sabios; dende cando a cisterna dun traballador é medio propio, pregúntome; segundo quen vai a pagar eses costes porque supoño que o traballador non poñería gratis a cisterna. Vostede quere escapar da responsabilidade deste problema que houbo e trata de endosarllo á concesionaria, non sabía os problemas da rede, da piscina, eu pregúntome que fai vostede nese sillón, se non sabe nada e da a entender que a empresa non lle pasa ningún tipo de información, entendiamos todos que ata hai un tempo corto había unha certa fricción entre a alcaldía e a empresa, dame impresión de que deberon chegar a algún pacto por pura necesidade de salvar a cara de ambos, porque a empresa estao defendendo a vostede e vostede indirectamente endosándolle unhas responsabilidades…

Asuma a súa irresponsabilidade nestes temas, porque é difícil endosarlle este tema á empresa, porque os veciños non o cren, eu para empezar non me creo que a culpa sexa da concesionaria, fai o que pode cos medios que ten, a infraestrutura é propiedade do Concello, coñecemos dos problemas que ten a infraestrutura e cando chega un a un goberno municipal será para solucionar problemas non para vivir aí na alcaldía sen enfrontar un so problema, o único que solucionou vostede e o do seu sueldo, dígame que outros problemas municipais solucionou, do resto descoñece, non ten responsabilidade e a culpa é da concesionaria ou dos membros da oposición, que nos debería de agradecer que lle poñamos en coñecemento os problemas que vostede descoñecía, a ver se vostede dende maña mesmo comeza a tomar as medidas que impidan que volvamos a ter cortes, etc... e esperamos aquí en Pleno unha explicación dos problemas de conexión desa infraestrutura, porque sospeito que é moi difícil de xustificar, tamén se non quixo desautorizar aos membros da oposición dos posibles riscos cunhas analíticas que nos informes recolle unhas salvidades e resulta que a recollida de mostras, as analíticas as fai todas a mesma empresa, imos pensar que o fan ben pero tampouco iso nos garantiza a absoluta neutralidade no tema. O tema das reclamacións é vostede

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

quen debería xestionalo e darlle a información adecuada aos afectados e que sexan recompensados polas perdas e prexuízos causados.

O Sr. alcalde di que está equivocado o Concello non é o responsable do abastecemento, é o titular do abastecemento, pero a xestión correspóndelle á concesionaria, pero sega con esa matraca…

Esa infraestrutura non fixo uso dela a concesionaria polo seu criterio de xestión, a obra foi recepcionada unha vez certificada, non ten porque cuestionarse que se fixera unha certificación falsa.

Realiza unha chamada a orde ao concelleiro do PP, Sr. Reboredo González, por interromper.

Foi certificada, recepcionada e posta a disposición da empresa, non coñezo as circunstancias pola que non funciona, non sei se foi un mal uso, non o sei, despois dun ano a concesionaria non fixo as comprobacións que fixo hai un ano a dirección de obra, é o seu criterio de xestión; esa pregunta voulla trasladar neses términos, se de haber reserva nese depósito paliaban os prexuízos que se causaron.

As actuacións que fixo o goberno neste tempo, teñen un criterio, que é unha auditoría de perdas de auga que data do ano 2022, de aí se extrae ese dato de rendemento do 67%, rendemento baixo, entre outras actuacións, fíxose unha reposición de tubaxes naquelas áreas que identificou a auditoría por un importe de sesenta mil euros ao abeiro dunha subvención da Xunta, e agora por outra subvención da Xunta de Galicia por importe de quince mil euros vanse acometer obras de dixitalización e medición en tempo real de caudais en determinados sectores que axudan a levar esa xestión e que a empresa poda responder a perdas ou variacións de consumo que poidan poñer en perigo o recurso; fíxose a limpeza e dragaxe na captación e as correccións de perdas na piscina foron feitas antes de abrir a piscina.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Reboredo González, voceiro do PP, realiza as seguintes preguntas.

1. Como leva o Sr. alcalde o proxecto de presupuestos para o vixente exercicio?

2. No pasado Pleno rexeitouse a aprobación do Plan Económico Financeiro, queremos saber se se vai a rectificar e traer a pleno a súa aprobación, porque para nos se non e así, na Comisión que está convocada para o 15 de xullo do Ditame da Conta Xeral xa lle anticipo que votaremos en contra, por si estiman traer a Pleno o Plan Económico Financeiro corrixido, porque para nós é unha condición indispensable.

3. Pregunta pola limpeza de praias da zona da piscina que está feita un asco, e sobre se o alcalde fora a ver esa zona, cheo de moho, de verdín e o mesmo plaza e na calle, porque está sen facer esa limpeza?

Roga que as preguntas como se contestan todas nun paquete unha vez formuladas, que ao contestar diga o enunciado da pregunta, porque coñecemos a intencionalidade desa estratexia, porque se vostede non quere repetir o enunciado, polo menos que conste nas actas.

Digo se debemos despedilo como alcalde hoxe, porque é o último pleno antes das vacacións e a vista do pacto que ten vostede co Partido Galego e do que dixo o outro día que estaban estudiando a forma de cumplilo, se este é o último pleno que lle vaia ben a vostede no futuro, senon é xa nos seguiremos vendo.

O Sr. alcalde di que o punto é rogos e preguntas, non hai despedidas.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

- Respecto da pregunta 1 do orzamento idem ao dito o mes pasado.

- Respecto a pregunta 2, do PEF, é unha cuestión técnica, procedimental que valoraremos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Respecto da pregunta 3, da piscina, anoto esa apreciación, comprobalo e ser esixentes e dilixentes coa empresa contratada, porque está contratado o socorrismo máis o mantemento das instalacións.

- Respecto ao rogo, podería facerse o que se fai na maioría dos plenos que é respostar as preguntas no Pleno seguinte, eu respóndolle no posible no mesmo pleno, cando sabe que o regulamento e o que se fai na maioría dos plenos é contestalas no Pleno seguinte.

- Respecto das preguntas formuladas no pleno pasado, relativas ao servizo de contabilidade, ese servizo na medida en que se vai cubrindo as prazas de administración xeral que están vacantes, é un servizo que loxicamente ten que efectuar a propia administración, sen depender de persoal externo.

- Respecto do servizo de asesoría xurídica, a idea e sacalo a licitación o antes posible.

No turno de preguntas do grupo municipal do BNG, o Sr. Xoan Louzao, formula as seguintes:

1. Respecto da Sentenza da traballadora animadora socio cultural, se se vai seguir mantendo esta persoa con prórrogas e interinidades, se se vai amortizar ou prover a praza; que se vai a facer?

Relacionada con isto, chámame a atención a cantidade de tarefas que ten asignadas esta persoa, ten tarefas como padrón municipal de habitantes, rexistro, plataforma SUBTEL; parece unha administrativa, non sei se ten exceso de tarefas respecto das que lle corresponderían, pregunto tamén por iso.

2. Fai moito tempo pediuse un paso polo encoro de Touro para os coches, foi denegado, pero penso que se foi por outra vía solicitando que se permitira un acceso peonil, pregunto se xa hai resposta sobre iso, se se fixo a solicitude.

3. Falarase de falar unha analítica das fontes públicas, para ver a súa potabilidade, se se fixo e en todo caso de non habela, sería conveniente e rogo que se faga esa analítica, para saber se se poden utilizar ou non.

Rogo: estalle chegando a moitas persoas que presentaron alegacións contra o proxecto mineiro, un requirimento para que demostren a súa condición de interesados, polo que rogo que o Concello asesore a todas estas persoas para que sexan recoñecidas no procedemento e lle bote unha man nesta cuestión.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Respecto da primeira pregunta sobre a animadora socio cultural, a intención deste goberno non é amortizala, a finalidade sempre é dotar de seguridade xurídica aos traballadores, o fin é prover esa praza mediante oposición, concurso-oposición.

Respecto das tarefas non teño dúbida de que o que consta como feitos probados na Sentenza son os que viña exercendo.

2. Respecto do paso do encoro, o Concello de Vila de Cruces presentou no seu día recurso de alzada, Touro non, cando chegamos aquí enterámonos da situación cando chegou a resolución dese recurso de alzada desestimatorio e puxémonos en contacto co alcalde de Vila de Cruces para poñernos a disposición e colaborar na presentación dun recurso contencioso-administrativo, había vontade nese momento polo citado Concello en ir ao contencioso pero logo decidiu desistir, houbo varias reunións co alcalde e deume as súas explicacións, loxicamente o concello de Touro non podía ir ao contencioso, esto respecto do pase dos coches. Respecto do pasos a pé, falo de memoria, que a solicitude falaba de temas de dinamización turística, sendeirismo... xustificaba a non autorización, que o encoro en si e as obras compensatorias que fixo a empresa paliaban e incluso melloraban os recursos turísticos.

3. Tomamos nota do tema das analíticas das fontes.

Respecto do rogo, o que tiñamos previsto, dando continuidade ao que creo se acordou en pleno de que o Concello tivese a disposición da xente modelos de alegacións, continuando con esa iniciativa, será poñer a disposición os modelos de personamento como persoas interesadas, será o que se faga.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 22.50 horas do 10 de xullo de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital
José López González, secretario-interventor
Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

CVD: wOzznqVjKz9rqTZPlayR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)